

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 6 de setembro de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día seis de setembro de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do segundo tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso,

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(962).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 24 de agosto. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente..

2(963).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN GALEGA S. FRANCISCO (AGASFRA) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: “XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E AS SÚAS FAMILIAS E OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE VIGO - ANO 2018». EXPTE. 157181/301.

Visto o informe xurídico do 18/07/18 e o informe de fiscalización do 28/08/18, dáse conta do informe-proposta do 18/07/18, asinado pola a xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social, e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA) é unha asociación privada sen ánimo de lucro constituída formalmente en 1969, inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co nº 8.696, declarada de utilidade pública en 1971 e inscrita tamén no Rexistro central de Asociacións da Comunidade Autónoma Galega co nº 67-1/1998 e no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais de Galicia (nº E-0111).

A Asociación leva traballando desde hai moitos anos na protección das persoas con discapacidade intelectual e a axuda ás súas familias. Ten como fins específicos, entre outros, acadar a efectiva realización da promoción integral das persoas con discapacidade, fomentar e potenciar o movemento asociativo de pais e familiares afectados e promocionar, amparar ou tutelar os centros e servizos que realicen labores de prevención e atención precoz destas persoas.

Para o cumprimento deses fins e de acordo cos seus Estatutos, AGASFRA ven desenvolvendo diferentes servizos e actividades de apoio e estimulación, educativas, asistenciais, laborais, de lecer e tempo libre, etc.

II.- Constitúe o obxecto do Convenio de colaboración que agora se pretende concluír a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA) para o desenvolvemento do proxecto: “XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E AS SÚAS FAMILIAS E OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE VIGO” - ANO 2018».

III.- O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercédoas

elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

IV.- A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento municipal (aplicación nº 2310.480.00.05) polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da L.38/2003 xeral de subvencións e 26 da L.9/2007 de subvencións de Galicia. A mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

V.- Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, proponse o aboamento dun 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

VI. En relación coa Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de educación, saúde e servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN entre a Concellería de Política Social e a “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA), CIF nº G-36613891, para a execución do proxecto: «XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E AS SÚAS FAMILIAS E OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE VIGO” - ANO 2018» .

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 8.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.05 – Convenio Asociación San Francisco do orzamento vixente.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN GALEGA S. FRANCISCO (AGASFRA) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: “XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E AS SÚAS FAMILIAS E OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE VIGO” - ANO 2018».

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2018

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D. Eladio Fernández Pérez, con DNI nº 34.242.673-C, Presidente da “Asociación Galega S. Francisco (AGASFRA)”, CIF nº G-36613891, con enderezo para os efectos de notificación na rúa de Cangas nº 14 de Vigo (CP 36209).

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Eladio Fernández Pérez, actuando en representación da “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA), segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada, asegurando o comparecente a vixencia do seu cargo e que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA) é unha asociación privada sen ánimo de lucro constituída formalmente en 1969, inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co nº 8.696, declarada de utilidade pública en 1971 e inscrita tamén no Rexistro central de Asociacións da Comunidade Autónoma Galega co nº 67-1/1998 e no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais de Galicia (nº E-0111).

A Asociación leva traballando desde hai moitos anos na protección das persoas con discapacidade intelectual e a axuda ás súas familias. Ten como fins específicos, entre outros, acadar a efectiva realización da promoción integral das persoas con discapacidade, fomentar e potenciar o movemento asociativo de pais e familiares afectados e promocionar, amparar ou tutelar os centros e servizos que realicen labores de prevención e atención precoz destas persoas.

Para o cumprimento deses fins e de acordo cos seus Estatutos, AGASFRA ven desenvolvendo diferentes servizos e actividades de apoio e estimulación, educativas, asistenciais, laborais, de lecer e tempo libre, etc.

II.- Que, dentro das referidas actividades estatutarias, AGASFRA leva a cabo diversas actividades e obradoiros, como os que son obxecto deste convenio, que ten como obxectivo promover ás persoas con discapacidade intelectual e integrar ós/ás profesionais e ás familias nunha intercomunicación de acción conxunta que permita mellorar a súa calidade de vida e o seu desenvolvemento persoal e social.

III.- Que a Concellería de Política Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas na cidade afectadas por discapacidades de tipo psíquico e sensorial que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida e a das súas familias; recursos que constitúen un complemento dos servizos dos que dispón o Concello de Vigo.

IV.- Que de acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do

30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para o ano 2018, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA) para a execución do proxecto: “XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E AS SÚAS FAMILIAS E OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE VIGO” - ANO 2018».

SEGUNDA.- Para estes efectos, AGASFRA comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social no desenvolvemento dos obradoiros de autonomía persoal e de estimulación e lecer previstos na Memoria da actividade, que se desenvolverán durante todo o ano 2018 de acordo cos obxectivos e previsións que figuran na proposta presentada pola Asociación e que constan nos expedientes de referencia.

TERCEIRA.- AGASFRA comprométese tamén a:

- Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do obradoiro, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

- Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

- Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á entidade AGASFRA unha subvención para o exercicio de 2018 por importe de 8.000 € (OITO MIL EUROS) prevista nominativamente nos seus orzamentos (aplicación nº 2310.480.00.05 – *Convenio Asociación San Francisco*).

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- Un 50% da cantidade total á sinatura do Convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante unha vez xustificada a totalidade do importe do Convenio, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a VIXENCIA do Convenio (2018).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- A beneficiaria deberá xustificar antes do 01 de novembro de 2018 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividades subvencionada.
- Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

DÉCIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será dun ano (2018).

DÉCIMO QUINTA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente.

DÉCIMO SEXTA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO SÉTIMA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes de AGASFRA e dous representantes municipais e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social.

VIXÉSIMA.- A beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerá pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

3(964).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A INTEGRACIÓN DOS SISTEMAS DE XESTIÓN DA RECADACIÓN MUNICIPAL CO XESTOR DE EXPEDIENTES CORPORATIVO E A XESTIÓN TRIBUTARIA E ADAPTACIÓN DO MODELO DE DATOS DE TERCEIROS EN XESTIÓN TRIBUTARIA AO SISTEMA INTEGRADO DE POBOACIÓN. EXPTE. 8532/113.

Dáse conta da proposta do 03/09/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para a integración dos sistemas de xestión da recadación municipal co xestor de expedientes corporativo e a xestión tributaria e adaptación do modelo de datos de terceiros en xestión tributaria ao sistema integrado de poboación (8.532-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.	100

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.

4(965).- AUTORIZACIÓN PARA EXECUCIÓN DE OBRA DE AMPLIACIÓN DE SALA FITNESS NO COMPLEXO DEPORTIVO MQA A FLORIDA-COIA DENTRO DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO CON EXECUCIÓN DE OBRA DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DA FLORIDA E BARREIRO” I. EXPTE. 6078/333.

Visto o informe xurídico do 07/08/18 e o informe de fiscalización do 21/08/18, dáse conta do informe-proposta do 20/07/18, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade Técnica, e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión ordinaria do 18 de decembro de 2006, acorda a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da praza central do polígono 1 do peri II-12-A Florida B e na parcela do peri 4 Barreiro II.

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 23 de maio de 2007 e modificado pola sesión do 12 de xuño de 2007, acordou adxudicar a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II-12 A Florida B, coa determinación de xestión do servizo público (expte 6078/333), a favor da sociedade concesionaria a constituír por GAIA GD, SL e MOVEXVIAL, SL., formalizándose o contrato coa sociedade concesionaria Carrera Galicia, S.L., en escritura pública de data 15 de xuño de 2007. Posteriormente a Xunta de Goberno Local de 17 de marzo de 2008, deuse por enterada da transformación da sociedade Carrera Galicia S.L., na sociedade anónima con denominación AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A.

A posta en funcionamento do servizo ten como referencia inicial a apertura da Piscina da Florida o 1 de novembro de 2010 e posteriormente, o 1 de febreiro de 2011 entrou en funcionamento a piscina de Barreiro.

En relación co anterior, a empresa AQA VIGO GESTIÓN DEPORTIVA, S.A.U, presenta escrito vía Rexistro Xeral (nº de entrada 180097497 de data 22/06/18), de solicitude de autorización para ampliación de sala fitness.

Tendo en conta que o prego de cláusulas administrativas particulares establece na súa cláusula 26.2 como obriga para o Concello “Outorgar ao concesionario e, no seu caso, á empresa construtora, as autorizacións e licenzas necesarias para a realización das obras e para o funcionamento da actividade”, e na cláusula 24.11 como obriga do concesionario que este “deberá manter en perfecto estado de conservación (seguridade, limpeza e estética) as instalacións e demais elementos das instalacións deportivas, de conformidade coas especificacións establecidas no seu Programa de funcionamento e conservación. A administración municipal poderá ditar instrucións neste sentido que serán de obrigado cumprimento”.

En data 11 de xullo de 2018 foi emitido informe técnico favorable pola Oficina de Supervisión de Proxectos relativo á execución da obra solicitada por AQA VIGO GESTIÓN DEPORTIVA, S.A.U,

Proposta:

Á vista dos antecedentes e a necesidade xustificada na solicitude, o informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e de acordo cas cláusulas sinaladas do Prego de cláusulas administrativas particulares, e que de acordo ca solicitude esta actuación non terá ningunha incidencia no equilibrio económico administrativo do contrato propónse;

a) Autorizar a execución da obra de “ampliación de sala fitness en centro deportivo Máis que Auga Coia. Vigo.”

b) Dar conta á concesionaria do deber de comunicar a data de inicio da obra, así como da data de finalización da mesma para a súa recepción.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(966).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES REALIZADOS POLA CONCELLERÍA DE DEPORTES NOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2018, CON CARGO AOS PROGRAMAS 3410 E 3420. EXPTE. 17627/333.

Dáse conta do informe-proposta do 30/08/18, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2018, o concelleiro-delegado de Deportes, José Manuel Fernández Pérez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados pola Concellería de Deportes (funcionais 3410 e 3420, durante os meses de abril, maio e xuño do ano 2018, que se relacionan deseguido:

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATARIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE
17170-333	Obras de execución de REPARACIÓNS PREVIAS Á REAPERTURA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DO MONTE DA MINA-CASTRELOS Partida: 3420-2120000 RCM: 40869	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, (B94097268)	25/04/18	15/05/18	20 350,25 €
17140-333	Servizo de organizacion obradoiros de formacion de fútbol 2018 Partida: 3410-2260901 RCM: 32503	AFAVI (36998227)	18/04/18	30/12/18	5 000,00 €

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATARIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE
17461-333	Servizo de coordinacion e organizacion GP CIDADE DE VIGO DE ATLETISMO EN PISTA Partida: 3410-2260901 RCM: 53512	AGRUPACION VIGUESA DE ATLETISMO (G36645109)	15/06/18	30/12/18	8 470,00 €
2282-611	SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA Á FACTURACIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL DEMANDADA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS Partida: 3420-2270600 RCM: 52228	ALBO LÓPEZ, ANA BELÉN (36074073E)	12/06/18	31/12/18	1 815,00 €
17151-333	Subministro de agasallos promocionais programa municipal escolas deportivas e actividades vencelladas Partida: 3420-2260901 RCM: 34213	Alma Mater, SL (B36837037)	16/04/18	30/12/18	10 200,00 €
17236-333	Servizo de IMPRESION PROGRAMA E CARNETS MUNICIPAIS ESCOLAS DEPORTIVAS Partida: 3410-2260901 RCM: 45911	ARTES GRAFICAS JADFEL, SL (B36891703)	21/05/18	30/12/18	2 883,43 €
17153-333	Subministro regalos promocionais programa municipal escolas deportivas e actividades vencelladas (gorras de tela) Partida: 3420-2260901 RCM: 38441	BIEITONOVA SL (B36926095)	03/05/18	30/12/18	2 040,54 €
17136-333	CAMISSETAS DEPORTIVAS-CAREIRA BOMBEROS RACE VIGO Partida: 3410-2260903 RCM: 31939	DEPORTES CARLOS MIGUEL-M.JOSE ALVAREZ CARBALLO (36033761Y)	11/04/18	30/12/18	750,00 €
2145-611	SERVIZO REALIZACIÓN DE MANTEMENTOS ELÉCTRICOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS Partida: 3420-2130002 RCM: 37255	ELECTRICIDAD RE-MESEIRO, SL (B36624815)	19/04/18	31/12/18	8 000,00 €

EXPTÉ NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATARIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE
17232-333	Servizo ORGANIZACION BALONMAN NA RUA 2018 Partida: 3410-2260901 RCM: 45121	FEDERACION GALEGA DE BALONMAN (B36690832)	16/05/18	30/12/18	6 000,00 €
17135-333	Subministro dorsais eventos deportivos Partida: 3410-2260901 RCM: 31938	GRAFICAS NUMANCIA (36127332 J)	11/04/18	30/12/18	714,66 €
2143-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA O MANTENIMENTO DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS Partida: 3420-2120000 RCM: 35908	HIERROS LAGO, SL (B36649259)	18/04/18	31/12/18	2 000,00 €
2056-611	SERVIZOS TÉCNICOS PARA A MELLORA DOS MÓDULOS DE PROCESO DE DATOS, DE PROGRAMACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE TICKETS PARA A CREACIÓN DE PLNS DE MANTENIMENTOS PREVENTIVOS E CONDUCTIVOS DO MÓDULO DE EXPLOTACIÓN ANALÍTICA Partida: 3420-2270600 RCM: 31557	HORIZOON SOFTWARE, SL (B04734422)	10/04/18	31/12/18	13 406,80 €
17129-333	Servizo cadro electrico provisional- carreira RUN RUN VIGO- VIG BAY Partida: 3410-2260901 RCM: 31937	IMESAPI,SA (A28010478)	11/04/18	30/12/18	422,29 €
2283-611	SERVIZO DE REALIZACIÓN DA REVISIÓN TÉCNICA-LEGAL E CERTIFICACIÓN DAS LIÑAS DE VIDA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS Partida: 3420-2279915 RCM: 54450	MANTENIMIENTOS TEAGSA, SL (B94055944)	21/06/18	31/12/18	5 313,11 €

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATARIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE
2176-611	Privado de servizos de seguro de accidentes actividades deportivas: dia do patin, dia da ritmica, dia da loita, vencelladas ao programa municipal de escolas deportivas Partida: 3420-2260901 RCM: 43578	MERKEL INT. INSURANCE CO LTD-ESPAÑA (W0068002E)	09/05/18	30/12/18	8 900,00 €
17130-333	Servizo aplicación web reserva de instalacións deportivas Partida: RCM:	MIRAS TURNES, ALBERTO (44843115S)	07/05/18	30/12/18	2 359,00 €
17155-333	Servizo de elementos rotulados pavillon municipal Monte da Mina Partida: 3420-2279905 RCM: 35851	MOSQUERA MARCOS, LUIS ALBERTO (78739710S)	18/04/18	30/12/18	2 164,69 €
17229-333	Servizo programa de deportes de verano- Arena 2018. Vigo Partida: 3410-2260901 RCM: 44545	ORGANIZIA EVENTOGLOBAL SL (B36915585)	14/05/18	30/12/18	8 000,00 €
2304-611	SERVIZO DE REALIZACIÓN DE REPARACIÓNS PUNTUAIS NOS ASCENSORES E ELEVADORES SITUADOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS Partida: 3420-2130000 RCM: 56836	ORONA, S.COOP. (F20025318)	29/06/18	31/12/18	8 000,00 €
2144-611	SERVIZO REALIZACIÓN DE MANTEMENTOS DE FONTANERÍA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS Partida: 3420-2120000 RCM: 35909	PÉREZ FILGUEIRA, SANTIAGO (36093585F)	18/04/18	31/12/18	3 000,00 €
2139-611	SUBMINISTRO DE 360 ASENTOS SEN RESPALDO PARA O PAVILLÓN DO MONTE DA MINA-CASTRELOS Partida: 3420-6290000 RCM: 34508	PUNTODEPORTE ASESORES, SL (B36878171)	18/04/18	30/05/18	5 393,94 €

EXPTÉ NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATARIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE
2284-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DE MALLAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DA ETEA Partida: 3420-2100001 RCM: 52229	RAICES DE GALICIA, SL (B36752996)	13/06/18	31/12/18	2 843,50 €
17124-333	Servizo REALIZACIÓN ESTUDIO ESTRUCTURAL DA CUBERTA METÁLICA SITUADA NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DO MONTE DA MINA-CASTRELOS Partida: 3420-2270601 RCM: 31066	REBOREDA MARTINEZ ANTONIO SLNE UNIPERSONAL (B36931541)	06/04/18	15/05/18	2 057,00 €
17474-333	Servizo PACK MEGAFONIA PARA EVENTOS DEPORTIVOS Partida: 3410-2260901 RCM: 51848	RODRIGUEZ NIETO, VICTORIO LUIS (36089829T)	11/06/18	30/12/18	10 000,00 €
17123-333	Servizo de impresión de 30 mupis RUN RUNVIGO 2018 Partida: 3410-2260200 RCM: 31065	RP3 VIGO SL (B36803468)	06/04/18	30/12/18	975,26 €
17128-333	Servizo de megafonia para carreira VIG-BAY - RUN RUN VIGO 2018 Partida: 3410-2260901 RCM: 31936	SONIDO COLLAZO, SL (B36932689)	11/04/18	30/12/18	1 028,50 €
2142-611	SUBMINISTRO DUN EQUIPAMENTO DEPORTIVO DE SONO ESPECÍFICO PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO PAVILLÓN DO MONTE DA MINA-CASTRELOS Partida: 3420-6290000 RCM: 37254	SONIDO COLLAZO, SL (B36932689)	19/04/18	30/05/18	3 316,61 €
2188-611	SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO TÉCNICO-DEPORTIVO PARA A PROTECCIÓN FÍSICA DE ESTRUCTURAS DEPORTIVAS E A PROTECCIÓN LUMÍNICA DE ELEMENTOS TRANSLÚCIDOS PARA A PRÁCTICA DEPORTIVA Partida: 3420-6290000 RCM: 43955	TEXAPI, SL (B27786698)	10/05/18	20/06/18	18 137,90 €

Acordo:

A Xunta de Goberno local queda informada.

6(967).- DAR CONTA DA RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO “PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2018”. EXPTE. 8454/224.

Dáse conta do informe-proposta do 28/08/18, asinado pola xefa do servizo de Igualdade , e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 16 de xullo de 2018 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2018”.

Á entidade *Asociación de Empresarias de Galicia*, CIF: G27826999, expediente 8454/224, foille concedida unha axuda por importe de 662,35€ para a realización do proxecto “Muller e deporte”.

Con data 10 de agosto de 2018, a entidade Asociación de Empresarias de Galicia, presenta escrito renunciando de xeito expreso á subvención concedida (documento nº 180134839).

Atendendo ao establecido na Base Décimo Cuarta do programa de subvencións, a beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Dar conta da renuncia presentada pola entidade Asociación de Empresarias de Galicia, con CIF: G27826999, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2018 ao abeiro do *Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2018*”.

Acordo:

A Xunta de Goberno local queda informada.

7(968).- DAR CONTA DA RENUNCIA PRESENTADA POLA AVCD DE CONSUMIDORES E USUARIOS LAVADORES Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO “PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA

DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2018". EXPTE. 8450/224.

Dáse conta do informe-proposta do 28/08/18, asinado pola xefa do servizo de Igualdade , e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte: A Xunta de Goberno Local en data 16 de xullo de 2018 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do "Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2018".

Á entidade *AVCD de Consumidores e Usuarios Lavadores*, CIF: G36633618, expediente 8450/224, foille concedida unha axuda por importe de 700,20€ para a realización do proxecto "Trazados decorativos".

Con data 10 de agosto de 2018, a entidade AVCD de Consumidores e Usuarios Lavadores, presenta escrito renunciando de xeito expreso á subvención concedida (doc.180134161).

Atendendo ao establecido na Base Décimo Cuarta do programa de subvencións, a beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"Dar conta da renuncia presentada pola entidade AVCD de Consumidores e Usuarios Lavadores, con CIF: G36633618, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2018 ao abeiro do *Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2018*".

Acordo:

A Xunta de Goberno local queda informada.

8(969).- DAR CONTA DA RENUNCIA PRESENTADA POLA FUNDACIÓN ÉRGUETE INTEGRACIÓN, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO "PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓN DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2018". EXPTE. 8407/224.

Dáse conta do informe-proposta do 28/08/18, asinado pola xefa do servizo de Igualdade , e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 16 de xullo de 2018 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do "Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2018".

Á entidade *Fundación Érguete Integración*, CIF: G36861078, expediente 8407-224, foille concedida unha axuda por importe de 1.040,83€ para a realización do proxecto "Curso de telemarketing".

Con data 3 de agosto de 2018, a entidade Fundación Érguete Integración, presenta escrito renunciando de xeito expreso á subvención concedida (documento nº 180131664). Atendendo ao establecido na Base Décimo Cuarta do programa de subvencións, a beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Dar conta da renuncia presentada pola entidade Fundación Érguete Integración, con CIF: G36861078, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2018 ao abeiro do *Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2018*”.

Acordo:

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(970).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE IGUALDADE, NO MES DE XULLO DO ANO 2018. EXPTE. 8651/224.

Dáse conta do informe-proposta do 29/08/18, asinado pola xefa do servizo de Igualdade, e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de xullo do ano 2018.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
8412-224	CMSE	Producción, montaxe e desmontaxe exposición A Saia Raíña	María Rita Más Ibañez	23112279906	11/07/18	6.994,02 €

Acordo:

A Xunta de Goberno local queda informada.

10(971).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA REVISIÓN DO MAPA ESTRATÉXICO DE RUÍDO DO CONCELLO DE VIGO, ANO 2017, FASE 3ª. EXPTE. 13339/306.

Dáse conta do informe-proposta do 03/09/18, asinado polo xefe de Medio Ambiente, o técnico de Administración Xeral, e o concelleiro delegado da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable(R.A. 20/08/18), que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1.- A Concellería delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 16 de marzo de 2018, inicio procedemento administrativo para a aprobación do “Documento de revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª”.

I.2.- A Xunta de Goberno Local en data do 10 de marzo de 2008, aprobou o Mapa de Ruído do Concello de Vigo (MER, ano 2007, fase 1ª), redactado pola sociedade mercantil Labein, S.L. por encargo da Concellería de medio Ambiente do Concello de Vigo (expte. 5381/306).

I.3.- A Xunta de Goberno Local en data do 08 de agosto de 2013, aprobou definitivamente a Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2012, fase 2ª (expte. 9387/306).

I.4.- A concellería de Medio Ambiente encargou no ano 2017, a revisión (fase 3ª) do citado Mapa Estratéxico de Ruído (MER) á Universidade de Vigo: Sonitum e a entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L..

As devanditas entidades presentaron o documento de revisión en decembro de 2017.

I.5.- A Xunta de Goberno Local en sesión do día 5 de abril de 2018, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, redactado por Universidade de Vigo: Sonitum e a entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L., con data de 30 de setembro de 2017, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na L.37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (exp. nº 13339/306).

SEGUNDO.- Someter a documentación da revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, ó trámite de información pública polo prazo de un mes, contado desde a publicación do correspondente anuncio no BOP de Pontevedra, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións.

TERCEIRO.- A documentación da revisión do Mapa Extratéxico de Ruídos do Concello de Vigo estará a disposición do público en xeral no Servizo Municipal de Medio Ambiente (Casa do Concello, sita na Praza do Rei, 1, planta segunda, CP 36202) como na páxina web do Concello de Vigo, no seguinte enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental).

CUARTO.- No caso de que non si tivera presentado ningunha alegación, observación ou suxerencia no trámite de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón de aprobación inicial.

QUINTO.- Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia.”

I.6.- O documento de revisión do MER do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, someteuse a información pública por termo de un mes mediante a inserción de anuncio no BOP de Pontevedra do día 2/05/2018. O anuncio de información pública e o contido integro da revisión do MER publicouse, tamén, na páxina web do Concello de Vigo, no enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental), no Portal da Transparencia do Concello de Vigo e estivo, tamén, a disposición de tódolos cidadáns nas Dependencias Municipais do Servizo de Medio Ambiente do Concello de Vigo. Tamén, se notificou o trámite de información pública a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio Xunta de Galicia, ós servizos municipais de Fomento, Seguridade, Xerencia de Urbanismo.

I.7.- Durante o trámite de información pública foron presentada dúas alegacións:

- D. Lorenzo Badia Cubas, doc. 180083884.
- Asociación de Veciños Santa Mariña de Cabral, doc.180081058.

I.8.- O equipo redactor da revisión do MER emitiu informe sobre as alegacións presentadas que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data do 03/08/2018, doc. 180131219.

II.- ANÁLISE DO DOCUMENTO

II.1.- A documentación entregada definitivamente da Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, e sometida a información pública está composta de:

- a) Memoria da revisión (fase 3ª).
- b) Memoria resumo da revisión (fase 3ª).
- c) Planos A-3 de niveis de ruído durante o período día, tarde, noite, día-tarde-noite, por tráfico viario.
- d) Planos A-3 de niveis de ruídos durante o período día, tarde, noite, día-tarde-noite, por tráfico ferroviario.
- e) Planos A-3 de niveis de ruídos durante o período día, tarde, noite, día-tarde-noite, por actividade industrial
- f) Planos A-3 de niveis de ruídos durante o período día, tarde, noite, día-tarde-noite, globais (tráfico viario, ferroviario e industrial) do termo municipal

Dita documentación foi entregada en soporte papel (tres exemplares) e en soporte dixital (tres exemplares en "pendrive" que incorpora arquivos Gis e CadnA). No contido dos "pendrives" consta, tamén, a versión da memoria en lingua galega e en lingua castelá, e a documentación para entrega ó correspondente Ministerio para a súa remisión á UE, a través da Xunta de Galicia: Concelleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

II.2.- Aspectos esenciais da revisión:

Os aspectos esenciais da revisión do mapa estratéxico de ruídos do ano 2017 (fase 3ª) refírense ás modificacións producidas no termo municipal dende a última revisión, datos do ano 2012, ata o ano 2017 (incluído) que afectan ao Mapa Estratéxico de Ruídos, os cales poden resumirse sucintamente en:

- Datos demográficos: Manexáronse datos de poboación existente a maio de 2017 segundo o padrón municipal de habitantes, a poboación total descendeu en 9.713 habitantes. O principal descenso detectouse nas parroquias de Centro de Vigo (24.058 hab.) e Zamáns (10.050 h), o principal incremento produciuse na parroquia de Teis (17.812 hab.)
- Infraestruturas do transporte: Revisión principais vías do termo municipal. Incorporación datos posta en marcha da estación de ferrocarril Vigo-Urzáiz; incorporación datos modernización vías e aumento tráfico na cotorna do hospital Alvaro Cunqueiro -estrada Clara Campoamor e na VG 20-
- Industria: Actualización focos industrias de Vigo, eliminación de focos que cesaron na actividade e incorporación dos novos do tecido industrial. Revisión principais focos con actividade industrial: Área Portuaria de Bouzas, Porto de Vigo, estaleiros e peiraos en Teis, Zona Franca Balaidos, Área industrial polígono do Caramuxo; contorna Estrada de Camposancos; Parque Tecnolóxico de Vigo.
- Incorporación de novos desenvolvemento urbanos: plan parcial de Navia; urbanización San Andrés residencial; urbanización Miraflores; Urbanización Avda. Ramón Nieto; Urbanización en Alcabre; edificios Enrique A. Xalueiro; edificio Avda. de Galicia, urbanizacións en Avda. Cesáreo Vázquez; urbanización Avda. Ricardo Mella, urbanización estrada Composancos, urbanización camiño Freixeiro, edificios avda Aeroporto, hospital Álvaro Cunqueiro, estación de Vigo-Urzaiz.
- Incorporación ao mapa da rede actual de tráfico na cidade, novos viarios, recollendo as importantes humanizacións de rúas, os fluxos de tráfico existentes no ano 2017.

II.3.- Metodoloxía:

Realizouse, inicialmente, unha caracterización do termo municipal de Vigo en relación co terreo, condicións meteorolóxicas, vías de circulación, edificios e poboación, fontes do ruído.

Utilizouse a ferramenta de software CadnaA 4.6., na súa versión XI, software profesional para o cálculo, presentación, avalización e predición do ruído ambiental, da cal conta o Concello de Vigo coa correspondente licenza.

A metodoloxía utilizada de avaliación baséase no determinado na Directiva 2002/49/C, na recomendación 2003/613/CE, na Lei 37/2003, no RD 1513/2005 e RD 1367/2007.

Os métodos de cálculo utilizados para cada un dos tipos de ruído considerado son:

- NMPB-Routes-96 para o cálculo dos niveis de ruído debidos ó tráfico rodado.
- SMR-II (actualización do método RMR) para o cálculo dos niveis de ruído debidos ao tráfico ferroviario;
- ISO 9613, para o cálculo dos niveis de ruído debidos á actividade industrial.

A partir dos resultados que arroxen os métodos anteriores, os métodos de avalización utilizados para cuantificar o grao de afección acústica do territorio e de poboación expostos están determinadas na Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, anexo II, mediante o método END (Environmental Noise Directive 2002/49/CE) que asume que todos os residentes dun edificio son susceptibles de estar expostos ao maior nivel de ruído que se rexistre nas súas fachadas.

A Directiva UE 2015/996 da Comisión, de 19 de maio de 2015, pola que se establecen os métodos comúns de avalización do ruído en virtude da Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, modifica o anexo II da directiva antes citada do 2002, mediante a definición de método europeo harmonizado para o cálculo de niveis de ruído, denominado CNOSSOS (Common Noise

aSSessment methOdS), que entrará en vigor con carácter vinculante a partir do 31 de decembro de 2018, con que se obteñen valores máis próximos á realidade xa que reparte dun xeito máis proporcional a poboación dun edificio entre as diferentes curvas isófanos que inciden sobre este.

A documentación da revisión do mapa estratéxico de ruídos avalía estes resultados de poboación exposta ó ruído utilizando os dous métodos END e CNOSSOS, con atención no resultado final ó novo método CNOSSOS xa que se axusta máis á realidade existente, será obrigatorio para os próximos anos e revisións do MER, é utilizado polas distintas administracións públicas nesta revisión segundo información facilitada pola Administración medioambiental autonómica e estatal.

Con carácter xeral, mantívose a metodoloxía de recopilación de información e tratamento dos datos das diferentes fontes de ruídos establecidas para a elaboración do Mapa Estratéxico de Ruído (MER), fase 1ª do ano 2007 e fase 2ª do ano 2012.

Os parámetros de avaliación do ruído ambiental son os determinados nas citadas normas:

Ld; nivel de avaliación de ruído no período de día, comprendido entre as 7 e as 19 horas.

Le; nivel de avaliación de ruído no período comprendido entre as 19 e as 23 horas.

Ln; nivel de avaliación do ruído no período comprendido entre as 23 e as 7 horas.

Ldem; avaliar a molestia que produce o ruído nas persoas. Representa un valor representativo medio das 24 horas do día.

Avaliáronse os datos de ruídos globais xerados polas rúas e estradas, ferrocarril e industria, como esixen as normas citadas cara a documentación á remitir á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e UE.

O estudo da propagación do ruído levouse a cabo a través do programa informático CadnaA que efectúa os cálculos conforme as norma citadas unha vez configurado axeitadamente e introducidos os datos precisos de partida.

A revisión do mapa proporciona uns resultados globais do termo municipal, e non atende a situacións particulares concretas que deben ser obxecto dun estudo concreto e pormenorizado.

Os resultados refírense a solo exposto, poboación exposta ás distintas fontes de ruído: tráfico viario, ferrocarril, actividade industrial e global (todas as anteriores), nos horarios día, tarde, noite e global dita-tarde-noite, aténdonos o índices de ruído establecidos nas distintas áreas acústicas como obxectos de calidade acústica para ruído aplicables á áreas urbanizadas existentes (Anexo II do Rd 1367/2007, de 19 de outubro).

Os obxectos de calidade acústico establecidos na referida norma e recollidos no mapa son os seguintes:

Táboa 4 - Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas urbanizadas existentes

Tipo de área acústica	Índices de ruído		
	Ld	Le	Ln

e	Sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente, e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica.	60	60	50
a	Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial	65	65	55
d	Sectores do territorio con predominio de solo de uso terciario distinto do contemplado en c)	70	70	65
c	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.	73	73	63
b	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.	75	75	65
f	Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestructuras de transporte, ou outros equipamentos públicos que os reclamen (1)	(2)	(2)	(2)

(1) Nestes sectores do territorio adoptaranse as medidas axeitadas de prevención da contaminación acústica, en particular, mediante a aplicación das tecnoloxías de menor incidencia acústica de entre as mellores técnicas dispoñibles, de acordo co apartado a), do artigo 18.2. da lei 37/2003, de 17 de novembro.

(2) No límite do perímetro destes sectores do territorio non se superarán os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables ao resto de áreas acústicas lindeiras con eles.

Nota. Os obxectivos de calidade aplicables ás áreas acústicas están referenciados a unha altura de 4 m.

II.4.- Análise de resultados

As conclusións globais relativas ao termo municipal, comparando a situación do ano 2017 (revisión MER fase 3ª), coa do ano 2012 (Revisión MER 2012, fase 2ª), que citamos sucintamente, son as seguintes:

II.4.1.- Solo total exposto.- Produciuse un importante descenso de solo exposto no ano 2017:

Tomando como referencia os criterios de afección $L_d > 65$ dBA, $L_e > 65$ dBA, $L_n > 55$ dBA e $L_{den} > 65$ dBA, obtéñense resultados reflectidos en táboas nos que se deduce que, en xeral, a afección de ruído sobre o solo diminuíu entre os anos 2012 e 2017, nas seguintes proporcións e cantidades:

- No período día, o terreo exposto a $L_d > 65$ dBA diminuíu nun 3,8% (4 km²).
- No período tarde, o terreo exposto a $L_e > 65$ dBA diminuíu nun 4,5% (4,7 km²).
- No período noite, o terreo exposto a $L_n > 55$ dBA diminuíu nun 10,7% (11,2 km²).
- No período global (24 h), o terreo exposto a $L_{den} > 65$ dBA diminuíu nun 7,2% (7,5 km²).

II.4.2.- Poboación total exposta: Destaca a diminución en 2017 de poboación exposta aos rangos de ruído máis elevados, neste sentido, o período de noite foi no que máis descendeu a poboación exposta ó ruído, e no período de tarde e día o descenso da poboación exposta foi case que coincidente.

Dos resultados obtidos advírtese o notable descenso en 2017 de poboación exposta aos rangos de ruído máis elevados. En particular, tomando como referencia o criterio de afección $L_{den} > 65$ dBA (población exposta en período global de 24 horas) obtéñense os resultados nos que se comproba que a afección de ruído sobre a poboación diminuíu entre os anos 2012 e 2017, nas seguintes proporcións e cantidades:

a) Co método de avaliación END, a poboación exposta a $L_{den}>65$ dBA diminuíu nun 11,5% con respecto a 2012 (método END), o que equivale a case 40.000 persoas menos.

b) Co método de avaliación CNOSSOS, a poboación exposta a $L_{den}>65$ dBA diminuíu en case un 43% con respecto a 2012 (método END), pasando dun 63,3% a só un 20,6%, o que se traduce en aproximadamente 130.000 persoas menos.

II.4.3.- Solo exposto por fontes de ruído: A principal fonte de ruído que afecta á superficie do municipio segue a ser o tráfico viario, moi por encima do tráfico ferroviario e dos focos industriais.

En todo caso, se analizamos o ruído do tráfico viario obsérvase que tomando como referencia os criterios de afección $L_d >65$ dBA, $L_e >65$ dBA, $L_n >55$ dBA e $L_{den} >65$ dBA, obtéñense resultados dos que se deduce que, en xeral, a afección de ruído do tráfico sobre o solo diminuíu entre os anos 2012 e 2017, nas seguintes proporcións e cantidades:

- No período día, o terreo exposto ó ruído do tráfico a $L_d >65$ dBA diminuíu nun 3,8% (4 km² aprox.).
- No período tarde, o terreo exposto ó ruído do tráfico a $L_e >65$ dBA diminuíu nun 4,3% (4,5 km² aprox.).
- No período noite, o terreo exposto ó ruído do tráfico a $L_n >55$ dBA diminuíu nun 10,3% (10,8 km² aprox.).

O solo exposto ó ruído ferroviario diminuíu lixeiramente, debido principalmente á posta en marcha da nova estación ferrocarril Vigo-Urzaiz, cuxas liñas de entrada e saída transcorren baixo terra ata máis alá dos límites de Vigo, pola parroquia de Teis. Tamén se produce unha lixeira diminución do solo exposto ó ruído industrial.

II.4.4.- Poboación exposta por fontes de ruído: Tamén, se constata que a principal fonte de ruído que afecta á poboación exposta segue a ser o tráfico viario, moi por encima do tráfico ferroviario e dos focos industriais.

Tamén se confirma unha importante diminución en 2017 de poboación exposta por tráfico viario a rangos de ruídos máis elevados. Neste sentido, en función do criterio de afección por ruído viario no período global (24 horas) $L_{den} >65$ dBA:

a) Co método de avaliación END, a poboación exposta a $L_{den}>65$ dBA diminuíu en case un 12% con respecto a 2012 (método END), o que se traduce nunhas 40.000 persoas menos.

b) Co método de avaliación CNOSSOS, a poboación exposta a $L_{den}>65$ dBA diminuíu ao redor dun 43% con respecto a 2012 (método END), pasando dun 63,3% a un 20,5%, o que supón unhas 130.000 persoas menos.

Respecto ó ruído ferroviario e de actividade industrial non existen variacións significativas.

II.4.5.- Por último, o documento de revisión do Mapa Estratéxico do Ruído do Concello de Vigo ano 2017, fase 3ª, arroxa os seguintes resultados globais do Concello de Vigo polas fontes de ruído consideradas, a saber, tráfico viario, tráfico ferroviario e actividades industriais:

RUÍDO GOBAL debido ó efecto conxunto de todas as fontes de ruído:

SUPERFICIE EXPOSTA (Km ²) EN FUNCIÓN DO PERÍODO E RANGO DE RUÍDO			EN VIGO		
RANGO (dBA)	DÍA (L _d)	TARDE (L _e)	GLOBAL (L _{den})	RANGO (dBA)	NOITE (L _n)
55-60	13,0	16,5	18,2	50-55	12,0
60-65	7,2	9,9	11,5	55-60	6,1
65-70	4,6	5,7	6,3	60-65	3,4
70-75	2,3	2,8	3,6	65-70	1,3
>75	0,9	1,3	1,7	> 70	0,4

Táboa 1. Superficie exposta (Km²) en 2017, debido ó ruído conxunto do tráfico viario, ferroviario e industria

CENTENAS DE POBOACIÓN EXPOSTA EN VIGO (Método CNOSSOS) EN FUNCIÓN DO PERÍODO E RANGO DE RUÍDO					
RANGO (dBA)	DÍA (L _d)	TARDE (L _e)	GLOBAL (L _{den})	RANGO (dBA)	NOITE (L _n)
55-60	368	403	488	50-55	449
60-65	413	416	393	55-60	353
65-70	414	422	445	60-65	152
70-75	31	38	150	65-70	3
>75	0	2	3	> 70	0

III.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

III.1.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Constitución Española de 1978.
- Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental).

- RD. 1367/2007, de 19 de outubro, de desenvolvemento da L.3/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas).
- Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- Demais normativa de concordante aplicación.

III.2.- ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS NO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA - Alegación presentada por don Lorenzo Badía Cubas (doc. 180083884).

Exponse sucintamente o contido da alegación:

A) Alega don Lorenzo Badía Cubas que non se incluíron no Informe de revisión do mapa Estratéxico do Ruído do Concello de Vigo algúns focos de ruído existentes, entre os cales enumera os seguintes:

- a) Empresa Frigalsa en rúa Beiramar nº 83: Equipamento de ventilación/extracción de aire ou similar en instalacións da empresa na súa fachada á rúa Jacinto Benavente.
- b) Empresa Frigalsa en rúa Beiramar nº 83: Peiraos de carga e descarga da empresa na fachada lateral que bordea o edificio ata a rúa Jacinto Benavente.
- c) Empresa Hijos de J. Barreras en avda. Beiramar 2: Gradadas do estaleiro.

- Análise da alegación.

Con respecto ao ruído xerado polo foco descrito como “equipamento de ventilación/extracción de aire ou similar” da empresa Frigalsa, na fachada das instalacións cara a rúa Jacinto Benavente, o equipo redactor do Informe de revisión do mapa Estratéxico do Ruído do Concello de Vigo emitiu informe, literalmente como segue:

“(…)

- Na Figura 1, obtida da folia B2 do plano correspondente aos niveis de ruído equivalentes durante o período día-tarde-noite, L den , debidos á actividade e ao funcionamento dos focos industriais, compróbase que xa se tivo en consideración un foco de emisión puntual da empresa Frigalsa, na súa fachada da Rúa Jacinto Benavente. Os niveis de ruído asociados sitúanse no rango entre 60 e 65 dBA.
- Na Figura 2, obtida da folia B2 do plano correspondente aos niveis de ruído equivalentes durante o período día-tarde-noite, L den , debidos ao tráfico viario, compróbase que o nivel de ruído na Rúa Jacinto Benavente debido ao tráfico de vehículos lixeiros e pesados sitúase no rango entre 70 e 75 dBA.
- Na Figura 3, obtida da folia B2 do plano correspondente aos niveis de ruído equivalentes durante o período día-tarde-noite, L den , debidos ao ruído total por tráfico viario, ferroviario e actividades industriais, compróbase que o nivel de ruído global na Rúa Jacinto Benavente sitúase no rango entre 70 e 75 dBA, cunha pegada acústica na contorna analizada similar á debida exclusivamente ao tráfico viario.

Dende o punto de vista do mapa de ruído, de estes resultados totais, obtidos como media global anual da actividade de todos e cada un dos diferentes focos considerados, dedúcese que o ruído debido aos sistemas de ventilación/extracción de aire indicados non aportan unha contribución relevante ao ruído global na contorna”.

Polo que se refire ao ruído xerado nos peiraos de carga e descarga da empresa Frigalsa, na fachada lateral das instalacións entre a Avenida de Beiramar e a rúa Jacinto Benavente, debido tanto ás accións de carga e descarga como á estancia nocturna de camións con motores acendidos, o equipo redactor informa literalmente o que segue:

“(…)

O cálculo do mapa de ruído de tráfico viario realízase mediante modelos estandarizados de emisión sonora, os cales xa consideran o efecto parada/arranque dos vehículos, así como o debido ao tráfico pesado. Dende o punto de vista dos niveis de ruído globais anuais, as actividades de carga e descarga e a estancia nocturna de camións acendidos nesta zona xa se teñen en conta, por tanto, dentro do propio modelo de emisión do tráfico”.

Con respecto aos datos do ruído relativos á grada do estaleiro Hijos de J. Barreras en Avenida de Beiramar, nº2, compre sinalar que o mencionado estaleiro atopase no interior do recinto do Porto de Vigo, sendo competencia da Administración Xeral do Estado –artigo 4.2 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído-- a elaboración, aprobación e revisión dos mapas de ruído relativos ás infraestruturas da súa competencia.

De conformidade cós criterios e razoamentos anteriormente expostos, dita alegación debe ser desestimada.

B) Alega don Lorenzo Badía Cubas que se consideran inactivos algúns focos contemplados no estudo, como por exemplo as instalacións do estaleiro de Hijos de J. Barreras en Avenida Beiramar esquina Trv. Soler, cando en realidade é un foco de actividade.

- Análise da alegación.

Dita alegación debe ser desestimada por canto, como ben informa o equipo redactor do Informe de revisión do mapa Estratéxico do Ruído do Concello de Vigo, tal e como se mostra na Figura 4 obtida da folla B2 do plano correspondente aos niveis de ruído equivalentes durante o período diúrno, Ld, debidos á actividade e ao funcionamento dos focos industriais, o citado foco si está contemplado no Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, coa definición de dous focos de ruído, un na fachada da Avenida de Beiramar e outro na fachada da rúa Ramón Soler.

C) Alega que no modelado por *software* das estimacións dos niveis de ruído nas zonas de afectación por focos de ruído non se considera a inexistencia de obstáculos na súa propagación en altura.

- Análise da alegación.

En relación a dita alegación o equipo redactor informou que “A metodoloxía de elaboración dos Mapas Estratéxicos de Ruído atende estritamente ás pautas recollidas na Directiva Europea, onde se indica claramente que a pegada acústica de calquera aglomeración ou infraestrutura debe calcularse a 4 metros de altura”.

De conformidade co anteriormente exposto, dita alegación debe ser desestimada.

D) Alega don Lorenzo Badía Cubas que:

- Se traslade ás empresas xeradoras dos ruídos indicados para que implanten as medidas correctoras ou mitigadoras pertinentes.

- Se inclúa no plan de actuación corrector que se elabore a continuación da aprobación do informe definitivo do Mapa Estratéxico do Ruído no Concello de Vigo do ano 2017 as medidas conducentes á redución ou eliminación dos ruídos emitidos.
- Se declare como Zona Acusticamente Saturada (ZAS) a zona residencial de Rúa de Chano Piñeiro, Rúa Camilo José Cela e Rúa Coruña.

- Análise da alegación.

A metodoloxía utilizada de avaliación baséase no determinado na Directiva 2002/49/C, na recomendación 2003/613/CE, na Lei 37/2003, no RD 1513/2005 e RD 1367/2007. Avaliáronse os datos de ruídos globais xerados polas rúas e estradas, ferrocarril e industria, como esixen as normas citadas. A revisión do mapa proporciona uns resultados globais do termo municipal, e non atende a situacións particulares concretas que deben ser obxecto dun estudo concreto e pormenorizado. Neste senso, e tal e como preceptúa o artigo 23 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, deberá ser no correspondente plan de acción, e non no Mapa Estratéxico de Ruído, onde se afronten globalmente as cuestións concernentes á contaminación acústica na correspondente área ou áreas acústicas e se determinen as accións prioritarias a realizar no caso de superación dos valores límite de emisión ou inmisión ou de incumprimento dos obxectivos de calidade acústica.

De conformidade có anteriormente exposto, dita alegación debe ser desestimada.

- Alegación presentada pola Asociación de Veciños de Santa Marina de Cabral (doc. 180081058).

Exponse sucintamente o contido da alegación:

A referida asociación solicita que se teña en conta a petición que se cursou no seu día ao Ministerio de Fomento sobre o ruído que xenera o tráfico rodado na AP-9 (Tramo Rande-Puxeiros) nas zonas comprendidas nos viadutos de Sorrego, Rinxela e Pividal, e que se acompañen medidas correctoras do nivel acústico para as vivendas que están situadas na área de afección dos referidos tramos.

- Análise da alegación.

En relación a dita alegación o equipo redactor informou o que segue:

“(…)

Segundo o mostrado nos diferentes planos de ruído por tráfico viario e ruído total, a autoestrada AP-9 e, en particular, o tramo Rande-Puxeiros, xa está integrada como foco emisor no Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, onde se comprobaban os elevados niveis de ruído e o grado de afección na súa contorna.

No relativo á toma de medidas correctoras, o último Plan de Acción publicado polo Ministerio de Fomento, referente á AP-9 na súa totalidade (Ferrol - Fronteira Portuguesa), pode consultarse na páxina web correspondente aos Plans de Accións contra o Ruído 2a Fase para a rede de estradas do Estado en réxime de concesión. Así mesmo, infórmase de que o Concello de Vigo presentou no seu momento alegación ante o Ministerio de Fomento ao respecto do devandito Plan, atopándose actualmente á espera de contestación”.

De conformidade có anteriormente exposto, dita alegación debe ser desestimada.

III.3.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/2003 do 17 de novembro do Ruído establecen a obriga para as aglomeracións urbanas de facer un Mapa de Ruído que permita unha avaliación global da exposición á contaminación acústica dun territorio e poboación, realizar predicións globais, posibilitar a adopción fundada de plans de accións e medidas correctoras axeitadas.

A disposición adicional primeira da citada Lei 37/2003, do 17 de novembro, establece a obriga de aprobar os mapas de rúidos, nas aglomeracións con máis de 250.000 habitantes como é o caso de Vigo, antes do 30/06/2007.

Tamén, o artigo 16 da Lei 3/2003 do ruído establece que “os mapas de ruído haberán de revisarse e, no seu caso, modificarse **cada cinco anos** a partir da data da súa aprobación”.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data do 10 de marzo de 2008, aprobou o Mapa de rúidos do Concello de Vigo, ano 2007, fase 1ª.

A Xunta de Goberno Local en data do 08 de agosto de 2013, aprobou definitivamente a revisión do mapa estratéxico de ruído do Concello de Vigo, ano 2012, fase 2ª, e á Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable no ano 2017, encargou a revisión do citado mapa correspondente ó ano 2017, fase 3ª, cuxo documento final é obxecto do presente informe.

Ao abeiro do artigo 16 en relación co 14 da citada Lei 37/2003, de 17 de novembro, é preciso a aprobación do documento de revisión do ano 2017 (fase 3ª) tralo trámite de información pública por un período de un mes.

Ao abeiro do artigo 83 en relación co 45.3. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do PACAP, o período de información pública do procedemento anunciouse mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, con indicación do lugar de exhibición do expediente, que foi accesible a través de medios electrónicos, con indicación do prazo para formular alegacións, neste caso un mes.

As alegacións presentadas durante o trámite de información pública foron avaliadas segundo se recolle no parágrafo anterior deste informe.

A documentación de revisión do Mapa Estratéxico de Ruidos do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, contén os contidos mínimos esixidos pola normativa de aplicación, en especial, a Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002; Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal); RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental); RD 1367/2017, de 19 de outubro, de desenvolvemento da L.37/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas), D. Autonómico 106/2015, de 9 de xullo, nos aspectos obxecto da revisión.

A competencia para aprobación da revisión do mapa de ruído corresponde ó alcalde ó abeiro do establecido no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Non obstante, a dita competencia foi delegada na Xunta de Goberno Local en virtude da resolución de delegacións de competencias do alcalde no referido órgano de data 19/06/2015 (BOE 14/07/2015).

Por todo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

- PRIMEIRO:** Desestimar as alegacións presentadas por don Lorenzo Badia Cubas, doc. 180083884, e pola Asociación de Veciños Santa Mariña de Cabral, doc.180081058, no trámite de información pública da revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, en base aos fundamentos de feito e dereito que se sinalan na parte expositiva deste acordo.
- SEGUNDO:** Aprobar definitivamente o documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, redactado por Universidade de Vigo: Sonitum e a entidade Sonen, Centro de Acústica e Servicios de Telecomunicacións, S.L., con data de 30 de setembro de 2017, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na L.37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (exp. Nº 13339/306).
- TERCEIRO:** Remitir este acordo e o documento da revisión do MER do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, aprobado definitivamente, en formato dixital (por triplicado) á Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiente da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia para o posterior envío ó Ministerio para a Transición Ecolóxica e á Comisión Europea, de acordo co previsto na Disposición adicional oitava da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído e artigo 14 do Rd 1513/2005, de 16 de decembro.
- CUARTO:** Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo.
- QUINTO:** Notificar ós alegantes e publicar este acordo de aprobación definitiva no BOP de Pontevedra para xeral coñecemento ao abeiro do establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do PACAP, e informar aos interesados/as que contra o presente acordo, consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción contencioso-administrativa, poderán interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.
- SEXTO:** Publicar o presentado acordo e documento definitivamente aprobado da revisión do Mapa Extratéxico de Ruídos do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, na páxina web do Concello de Vigo, no seguinte enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental), e no Portal da Transparencia do Concello de Vigo co obxecto de facilitar a súa consulta polos cidadáns a través de medios electrónicos.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(972).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 32420/220.

Visto o informe de fiscalización do 28/08/18, dáse conta do informe-proposta do 22/08/18, asinado pola técnica de Administración Xeral de Área de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 31/07/2018, a Xefa do Servizo de Contratación coa conformidade do Concelleiro delegado de Contratación, remite oficio manifestando a urxente necesidade dun/dunha auxiliar de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 02/08/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha auxiliar administrativo/a por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 17/08/2018, emítase polo Técnico de organización e planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS**I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa de Contratación así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 02/08/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha auxiliar administrativo/a para o Servizo de Contratación, supón un gasto de **11.612,46 €** (dos que 7.677,89 €, corresponden ao presente exercicio e 3.934,57 € corresponden ao vindeiro exercicio 2019), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.565,11 €** (2.357,10 € correspondentes ao presente exercicio e 1.208,01 € correspondentes ao vindeiro exercicio 2019) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser nomeadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D^a M. C. Alonso Otero, con DNI *****547-Q**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

O/a mesmos/a aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **auxiliar de administración xeral**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Contratación contidas no escrito do 02/08/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **11.612,46 €** (dos que 7.677,89 €, corresponden ao presente exercicio e 3.934,57 € corresponden ao vindeiro exercicio 2019), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D^a M. C. Alonso Otero, con DNI *****547-Q**, na súa condición de seguinte aspirante nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliar), sendo adscrito/a ao Servizo de Contratación, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/á aspirante nomeado/a, a Xefe de Contratación, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(973).- NOMEAMENTO INTERINO DUN/DUNHA TÉCNICO/A MEDIO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES, PARA O SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 32447/220.

Visto o informe de fiscalización do 28/08/18, dáse conta do informe-proposta do 24/08/18, asinado pola técnica de Administración Xeral de Área de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, eo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 22/05/2018, a Xefa de Normalización Lingüística coa conformidade da Concelleira delegada de Normalización Lingüística; remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha técnico/a medio de normalización lingüística por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 08/08/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/unha Técnico/a medio de normalización lingüística por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 22/08/2018, emítese polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real

Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable:

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a

la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a STJG de 15 de febreiro de 2017 afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao posto ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 347, Técnico/a medio de normalización lingüística, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito 22/05/2018, da Xefa de Normalización Lingüística, coa conformidade do concelleira da Normalización Lingüística, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 08/08/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha Técnico/a Medio de Normalización Lingüística para o Servizo de Normalización Linguística, supón un gasto de 19.150,32 € (12.662,36 €, correspondentes ao presente exercicio e, 6.487,96 € ao vindeiro exercicio 2019), ao que haberá que engadirse a cantidade de 5.879,62 € (3.887,35 €, corresponde a presente exercicio e, 1.992,27 € ao vindeiro exercicio 2019) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Técnico medio de normalización lingüística, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D^a E. M. García Rey, con DNI *****252-K, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

A mesma aceptou expresamente mediante escrito incorporado ao expediente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Técnico/a medio de Normalización Lingüística, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Normalización Lingüística, contidas no escrito do 22/05/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 19.150,32 € (12.662.36 €, correspondentes ao presente exercicio e, 6.487,96 € ao vindeiro exercicio 2019) xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a E. M. García Rey, con DNI *****252-K, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade

cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (Posto cód. 347-Técnico medio de normalización lingüística), sendo adscrito/a ó Servizo de Normalización lingüística, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013..

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/á aspirante nomeado/a, ao Xefe de Normalización Lingüística, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(974).- RECLAMACIÓN DE GASTOS XUDICIAIS DA FUNCIONARIA MUNICIPAL CON NÚMERO DE PERSOAL 79572. EXPTE: 32457/220.

Visto o informe de fiscalización do 24/08/18, dáse conta do informe-proposta do 22/08/18, asinado pola técnica de Administración Xeral de Área de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 17/07/2018 (nº doc. 1801145515) o/ funcionario/a, con nº de persoal 79572 e DNI nº *****427 L, solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento

abreviado nº 2382/2016, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 2 de Vigo/Sección 5ª Audiencia Provincial, tendo sido ditado Auto de data 22/12/17 polo que se acordou o sobresemento e arquivo das actuacións. Interposto recurso de reforma e subsidiario de apelación, desestimouse o Recurso de reforma por Auto de data 01/02/2018, e mediante Auto de data 21/05/2018, confirmouse o sobresemento e arquivo das actuación respecto a funcionaria municipal agora solicitante.

2.- O importe solicitado ascende a unha contía de 173,05 euros (minuta 2018/367 de honorarios profesionais de Procurador) e 1.403,60 euros (minuta de honorarios profesionais de Letrado, factura nº MR/46/18), en total, 1.576,65 euros. Se aportan a tal efecto as respectivas facturas así como os xustificantes das transferencias efectuadas pola solicitante, en concepto de “abono minuta Diligencias previas 2382-Apelación/2016.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a exralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del

ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

IV.- Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, informe anexo ao expediente.

No presente caso consta a presentación das facturas de datas 28 e 31/05/2018, derivada das dilixencias previas nº 2382/16, por importe total de 1.576,65 euros, con indicación do traballo desenvolvido e incidencias, así como o xustificante das transferencias; consta Auto de data 22/12/17 polo que se acordou o sobresemento e arquivo das actuacións, Auto de data 01/02/2018 polo que se desestima o Recurso de Reforma, e Auto de data 21/05/2018 que confirma o sobresemento e arquivo das actuación respecto a funcionaria municipal agora solicitante. Por outra parte, non estamos ante un suposto de actuación allea ao exercicio lexítimo das funcións asignadas, nin contraditorio coas regras xerais e os deberes sinalados no estatuto e o código de conduta dos empregados públicos ou corporativos locais, cumpríndose igualmente os requisitos da sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, anteriormente citada.

V.- De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

En consecuencia, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal nos termos do establecido no Decreto da Excm. Alcaldía de 19/06/2015, elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Acordar o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados ao/á funcionario/a con nº de persoal 79572 e DNI nº *****427 L, como consecuencia do persoamento do/a mesmo/a -en calidade de investigado/a- no procedemento abreviado nº 2382/2016; seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 2 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 22/12/17 polo que se acordou o sobresemento e arquivo das actuacións, Auto de data 01/02/2018 polo que se desestima o Recurso de Reforma, e Auto de data 21/05/2018 que confirma o sobresemento e arquivo das actuación respecto a funcionaria municipal agora solicitante.

Os ditos gastos concréntanse nun importe total de 1.576,65 euros (173,05 euros - minuta 2018/367 de honorarios profesionais de Procurador - e 1.403,60 euros - minuta de honorarios profesionais de Letrado, factura nº MR/46/18). Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo o/a interesado/a e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(975).- ABOAMENTO DE CANTIDADES PENDENTES DE PERCIBIR POLA FUNCIONARIA MUNICIPAL CO NÚMERO DE PERSOAL 79872. EXPTE. 32553/220.

Visto o informe de fiscalización do 29/08/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa de Negociado de Persoal e Seguridade Social, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 09/07/2018 (documento nº 180108392) a empregada municipal, funcionaria de carreira, con nº de persoal 79872, solicita se proceda ao abono das cantidades deixadas de percibir como consecuencia de non aboarselle a diferenza entre o nivel de complemento de destino 26 e 28, por ter consolidado este último, polo período xullo/2017-xuño/2018.

2.- Comprobado o expediente persoal do solicitante pola oficina administrativa do Área de Recursos Humanos e Formación, resultan os datos seguintes:

- tipo de vínculo xurídico: funcionaria de carreira.
- praza: Administrativa, subgrupo A1
- posto de traballo actual: Técnica de Administración Xeral.
- nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo de procedencia: nivel 28.
- nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo actual: nivel 26 (RPT publicada en BOP nº 220, do martes 16/11/2010).
- outros datos de relevancia:

A funcionaria ingresou nesta Administración Local como consecuencia do acordo da Xunta de Goberno Local de modificación da RPT (expte. 28637-220), en execución de acordo plenario de data 26/07/2016, por transferencia de da Xerencia Municipal de Urbanismo,

procedéndose a súa alta con data 01/04/2017. en base ao expediente remitido por dita Xerencia.

Con data 15/02/2018, pola Xerencia Municipal de Urbanismo remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación resolución de consolidación de grao 28 da Técnico de Administración Xeral que por erro, omitiuse no momento do traspaso ao Concello de Vigo, facéndoselle efectivo na nómina do mes de xullo de 2018.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- CONSOLIDACIÓN DE GRAO PERSOAL:

- Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015) en relación co art. 21 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- RD 861/1986, do 25 de abril, modificado por RD 158/1996, do 2 de febreiro.
- Artigos 70 e 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo: o grao persoal consolídase polo desenvolvemento de un ou máis postos de traballo do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción, calquera que fose o sistema de provisión. En todo caso, deberán respectarse sempre os límites legais establecidos no artigo 71 en canto aos intervalos de niveis máximos e mínimos para a consolidación dentro de cada subgrupo de titulación.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, en canto que nos aspectos nos que non exista reserva en favor da lexislación do Estado resulte aplicable ao persoal da Administración Local (artigo 7).
- Acordo do Pleno do Concello de Vigo de 02/03/1998: recolle o dereito ao recoñecemento do grao persoal dos empregados municipais polo desempeño dun posto de traballo durante 2 anos continuados ou tres con interrupción, aplicable tanto ao persoal laboral como ao persoal funcionario.
- Os actos administrativos de contido económico deben ser obxecto da preceptiva fiscalización, de conformidade co establecido nos artigos 213 a 223 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución dos Orzamentos Municipais para cada exercicio económico.

II.- CONCLUSIÓN:

Procede o abono correspondente ao nivel 28 de complemento de destino, polo período xullo de 2017 a xuño de 2018 así como o abono das cantidades deixadas de percibir dende xullo de 2017 por un importe de 1.933,19 € con cargo a partida 24101210000 segundo a motivación legal indicada e trala preceptiva fiscalización pola Intervención xeral.

III.- RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartados g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde a Xunta de Goberno Local a súa resolución, en consecuencia proponse a dito órgano a adopción da seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"Único.- Aboar á empregada municipal 79872, as cantidades deixadas de percibir correspondentes a diferenza entre o nivel de complemento de destino 28 e o 26, por ter consolidado o 28 no organismo de procedencia, dende o mes de xullo de 2017 ata o mes de xuño de 2018, por un importe de 1.933,19 euros, de conformidade coa proposta que antecede así como do informe favorable da Intervención Xeral."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(976).- SUBVENCIÓN, MEDIANTE UN CONVENIO COA AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "MARATÓN FOTOGRÁFICO 2018" EXPTE.2012/330.

Visto o informe xurídico do 24/07/18 e o informe de fiscalización do 28/08/18, dáse conta do informe-proposta do 03/07/18, asinado polo xefe do servizo Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, e lo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 15 de xuño pasado, asinouse decreto do Alcalde polo que se *"delega no concelleiro-delegado da Área de Cultura, dirixida por D: Cayetano Rodríguez Escudero, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias para a realización dos proxectos: Festival Primavera do Cine e Maratón Fotográfico"*; ademais, estipulaba *"para os efectos da xestión das actividades referidas utilizarase o crédito de 7.710 € existente na partida 9120.489.00.04 (OUTRAS SUBVENCIÓNS)..."*.

Por este motivo, con data 18 de xuño, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención ao Maratón Fotográfico 2018, por importe de 3.700 €, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

A Agrupación Fotográfica Galega presenta con data 29 de xuño escrito de solicitude de subvención e documentación acreditativa.

ANTECEDENTES.-

A AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da fotografía, onde teñen cabida fotógrafos de todo tipo de tendencias e procedencias. Fundada en 1946 é a primeira entidade deste tipo que xurdiu en Galicia e caracterizouse por ser aberta a todas as persoas afeccionadas á

fotografía. Dende o ano 1991 organizan ininterrumpidamente o Maratón Fotográfico, un evento totalmente arraigado na cidade.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O Maratón Fotográfico realizarase os días 29 e 30 de setembro.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 5.900 € (cinco mil novecentos euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 3.700 € (62,72 %)
- Cotas participación: 1.200 € (20,34 %)
- Clínica Dental Dra. Susana Santeiro: 500 € (8,47 %)
- Gadis: 500 € (8,47 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do presidente
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente
- Escrito de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa MARATÓN FOTOGRÁFICO 2018, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA, para a organización do programa MARATÓN FOTOGRÁFICO 2018, obxecto do presente convenio, rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA deberá axustarse ao previsto no art. 22. apartado 2. c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, en base a:

- ao interese público, social e cultural que supón a actividade proposta para a cidade de Vigo.
- ao tratarse dunha entidade singular na cidade e incluso en Galicia, fundada hai setenta anos e adicada a un sector amplo da cidadanía, non só a profesionais da fotografía, senon tamén a todas as persoas afeccionadas á fotografía e ao mundo da cultura en xeral.
- á singularidade da actividade proposta (Maratón Fotográfico), con vinteseis anos ininterrumpidos de existencia, cunha alta participación da cidadanía e sen que existan eventos similares na cidade.

Por todo o exposto, considérase que non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

Dado que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións, inclúese o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA ten como obxecto financiar a organización do programa MARATÓN FOTOGRÁFICO 2018 con cargo á partida 9120.489.00.04 "OUTRAS SUBVENCIÓNS", a concesión dunha subvención por importe de 3.700 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 3.700 € (tres mil setecentos euros) á AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA, CIF. G36733616, para o financiamento do programa MARATÓN FOTOGRÁFICO 2018, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9120.489.00.04 “OUTRAS SUBVENCIONES”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e á AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa MARATÓN FOTOGRÁFICO 2018.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E Á AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “MARATÓN FOTOGRÁFICO 2018”.

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezaoito

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Jesús Nieto Fernández, na súa condición de presidente da AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA (CIF: G36733616) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social en rúa Uruguai, 17, CP 36203 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da fotografía, onde teñen cabida fotógrafos de todo tipo de tendencias e procedencias. Fundada en 1946 é a primeira entidade deste tipo que xurdiu en Galicia e caracterizouse por ser aberta a todas as persoas afeccionadas á fotografía. Dende o ano 1991 organizan ininterrumpidamente o Maratón Fotográfico, un evento totalmente arraigado na cidade.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de

abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA, concretamente no programa MARATÓN FOTOGRÁFICO 2018, como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade.

III.- Que con esta finalidade o Concello de Vigo colaborará no citado programa con cargo á aplicación orzamentaria 9120.489.00.04 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, a favor da AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA, coa cantidade de 3.700 euros.

IV.- Que a AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

IV.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa MARATÓN FOTOGRÁFICO 2018, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 5.900 € (cinco mil novecentos euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 3.700 € (62,72 %)
- Cotas participación: 1.200 € (20,34 %)
- Clínica Dental Dra. Susana Santeiro: 500 € (8,47 %)
- Gadis: 500 € (8,47 %)

TERCEIRA.- DATAS DO PROGRAMA

O Maratón Fotográfico 2017 realizarase os días 29 e 30 de setembro de 2018.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Jesús Nieto Fernández, presidente da entidade.

2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (3.700 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras

linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 16 de novembro de 2018.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 - 1) Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 - 2) Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.

- 3) Memoria de prensa.
 - 4) Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 - 5) Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2018 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con

outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no **Regulamento Europeo 2016/679 de Protección de Datos**, de 27 de abril de 2016, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área
Galega
de Cultura
Cayetano Rodríguez Escudero

O presidente da Agrupación Fotográfica

Jesús Nieto Fernández

ANEXO I

ORZAMENTO DO PROGRAMA MARATÓN FOTOGRÁFICO 2018

1.- GASTOS:

Promoción gráfica	1.150 €
Promoción on-line	400 €
Impresión e produción	1.400 €
Difusión	1.150 €
Premios	1.800 €
TOTAL GASTOS	5.900 €

2.- INGRESOS:

Concello de Vigo	5.000 €
Cotas participación	1.200 €
Clínica Dental Dra. Susana Santeiro	500 €
Gadis	500 €
TOTAL INGRESOS	5.900 €

16(977).- SUBVENCIÓN, MEDIANTE CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO DURANTE O EXERCICIO 2018. EXPTE. 2013/330.

Visto o informe xurídico do 24/07/18 e o informe de fiscalización do 27/08/18, dáse conta do informe-proposta do 29/06/18, asinado polo xefe do servizo Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 15 de xuño pasado, asinouse decreto do Alcalde polo que se “delega no concelleiro-delegado da Área de Cultura, dirixida por D: Cayetano Rodríguez Escudero, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias para a realización dos proxectos: Festival Primavera do Cine e Maratón Fotográfico”; ademais, estipulaba “para os efectos da xestión das

actividades referidas utilizarase o crédito de 7.710 € existente na partida 9120.489.00.04 (OUTRAS SUBVENCIONES)...”.

Por este motivo, con data 18 de xuño, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención ao Festival Primavera do Cine en Vigo 2018, por importe de 4.000 €, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

A Asociación Cultural Reencanto Producións presenta con data 20 de xuño escrito de solicitude de subvención e documentación acreditativa.

ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN S é unha entidade sen ánimo de lucro composta por cineastas e persoas interesadas no desenvolvemento e potenciación da cultura, especialmente pola creación e produción audiovisual, motivo polo que organiza dende o ano 2012 o Festival Primavera do Cine en Vigo.

PROGRAMA:

O Festival Primavera do Cine en Vigo 2018 desenvólvese do 5 ao 14 de maio no Auditorio Municipal do Concello, salón de actos do MARCO, Instituto Camoes, Multicines Norte e Sala Ingrávida-Porriño.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 23.379 € (vintetrés mil trescentos setenta e nove euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 € (17,11%)
- Deputación Provincial de Pontevedra: 11.000 € (47,05%)
- Patrocinios privados: 3.500 € (14,97%)
- Ingresos por venda entradas e merchandising: 4.200 € (17,96%)
- Ingresos actividades: 679 € (2,91%)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do director
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento.

- Escrito da Asociación Cultural Reencanto Producións de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2018.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación Cultural Reencanto Producións, para a organización do programa Festival Primavera do Cine en Vigo 2018, obxecto do presente convenio, rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación Cultural Reencanto Producións deberá axustarse ao previsto no art. 22. apartado 2. c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, en base a:

- o interese público, social e cultural que supón a actividade proposta para a cidade de Vigo.
- ser o único festival de cine que se organiza na cidade dende o ano 2012.
- a repercusión social e pública que vai alcanzando o festival tras cada edición, tanto na cidade como a nivel autonómico, nacional e internacional (Portugal), e os beneficios que tal circunstancia aporta á cidade de Vigo.
- a calidade dos programas de creación e produción audiovisual propostos para cada unha das edicións.

Por todo o exposto, considérase que non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

Dado que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións, inclúese o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Asociación Cultural Reencanto Producións ten como obxecto financiar a organización do programa Festival Primavera do Cine en Vigo 2018, con

cargo á partida 9120.489.00.04 "OUTRAS SUBVENCIONES", a concesión dunha subvención por importe de 4.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Asociación Cultural Reencanto Producións é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 4.000 € (catro mil euros) á Asociación Cultural Reencanto Producións, CIF. G-27780766, para o financiamento do programa FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2018, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9120.489.00.04 "OUTRAS SUBVENCIONES", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Reencanto Producións que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2018".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO DURANTE O EXERCICIO 2018

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezaioito

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con

endereço na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Juan de Castro García, na súa condición de presidente da Asociación Cultural Reencanto Producións (CIF: G-27780766) (en adiante a ENTIDADE), con endereço social en Avenida de Castrelos, 80, 2º A, CP 36210, da cidade de Vigo, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN S é unha entidade sen ánimo de lucro composta por cineastas e persoas interesadas no desenvolvemento e potenciación da cultura, especialmente pola creación e produción audiovisual, motivo polo que organiza dende o ano 2012 o Festival Primavera do Cine en Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN S, concretamente no programa FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO, como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade.

III.- Que con esta finalidade o Concello de Vigo colaborará no citado programa con cargo á aplicación orzamentaria 9120.489.00.04 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, a favor da ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN S, coa cantidade de 4.000 euros.

IV.- Que o ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN S non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa FESTIVAL

PRIMAVERA DO CINE EN VIGO durante o exercicio 2018, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 23.379 € (vintetrés mil trescentos setenta e nove euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 € (17,11%)
- Deputación Provincial de Pontevedra: 11.000 € (47,05%)
- Patrocinios privados: 3.500 € (14,97%)
- Ingresos por venda entradas e merchandising: 4.200 € (17,96%)
- Ingresos actividades: 679 € (2,91%)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

O Festival Primavera do Cine en Vigo 2018 desenvólvese do 5 ao 14 de maio no Auditorio Municipal do Concello, salón de actos do MARCO, Instituto Camoes, Multicines Norte e Sala Ingrávida-Porriño.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Juan de Castro García, presidente da mesma.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras

subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (4.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.
3. Ceder os espazos de titularidade municipal para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio: Auditorio Municipal do Concello e salón de actos do MARCO.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na

páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 16 de novembro de 2018.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no

RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2018 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no **Regulamento Europeo 2016/679 de Protección de Datos**, de 27 de abril de 2016, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

17(978)- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS, ENTRE LÓPEZ MORA E MENÉNDEZ PELAYO. EXPTE. 0083/441.

Visto o informe xurídico do 27/08/18 e o informe de fiscalización do 31/08/18, dáse conta do informe-proposta do 17/08/18, asinado polo xefe do servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento, e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 1532 “Pavimentación de vías públicas” a aplicación orzamentaria 1532.619.00.02 (“Hum. Rúa Pazos M.Pelayo L.Mora”).

2.- Para levar a cabo esta actuación O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 1 de decembro de 2017, resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Pellaio a prol da empresa Ordenación Territorial Infraestruturas e Medioambiental (B27841535).

3. Previo informe da Oficina de supervisión de proxectos de data 25 de maio de 2018, a Xunta de Goberno Local aprobou en data 04.06.2018 o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS, ENTRE LÓPEZ MORA E MENÉNDEZ PELAIO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e portos D. Santiago N. López Fontán, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA E CINCO MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (135.999,99 EUROS) de data febreiro de 2018 e data sinatura dixital 24 de maio de 2018.

4.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm 3.495-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 25.05.2018 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 04.06.18, “HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS, ENTRE LÓPEZ MORA E MENÉNDEZ PELAIO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e portos D. Santiago N. López Fontán, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA E CINCO MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (135.999,99 EUROS) de data febreiro de 2018 e data sinatura dixital 24 de maio de 2018, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas.
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario, o Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras de data 12.07.18, onde se indica as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 13.07.18.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 12.07.2018
- e) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor de data 10.08.2018.

- f) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 10.08.2018.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado pola Técnica de Admnsitración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de contratación de data 10.08.2018.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística e adaptación ao contorno (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 08.05.2018), así como o cumprimento da normativa sectorial e a non necesidade de autorizacións sectoriais.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS, ENTRE LÓPEZ MORA E MENÉNDEZ PELAIO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e portos D. Santiago N. López Fontán, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA E CINCO MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (135.999,99 EUROS) de data febreiro de 2018 e data sinatura dixital 24 de maio de 2018,.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 10.08.2018.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “CENTO TRINTA E CINCO MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (135.999,99 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE de 23.603,30€.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.02 (HUM. RÚA PAZOS , M.PELAYO L.MORA).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2018: 125.999,99€

2019: 10.000,00€

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(979).- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2018 DO PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021 DA “ ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DO CASCO VELLO DE VIGO”. EXPTE. 2280/431.

Dase conta do informe-proposta do 28/08/18, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación, o xefe de Servizos Centrais e polo xerente de Urbanismo que di o seguinte:

Como parte do procedemento de solicitude de participación na anualidade 2018 do programa de fomento rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, da “**Área de Rehabilitación de Conxunto Histórico do Casco Vello de Vigo**”, e seguindo co establecido na Resolución do 3 de agosto de 2018, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 e se abre o prazo de presentación de

solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa (en diante R.03.08.2018) e, segundo o Real Decreto 106/2018 do 9 de marzo polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante RD106/2018), emítase o seguinte informe proposta:

1. ANTECEDENTES

Xerais

En data 29 de setembro de 1997 o Casco Vello de Vigo obtivo a declaración de “Área de Rehabilitación Integral” coincidente coa delimitación de Centro Histórico outorgado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

En abril de 2007 apróbase definitivamente o Plan Especial de Protección e reforma interior do Centro Histórico do Casco Vello de Vigo.

Este recoñecemento administrativo permitiu o desenvolvemento de accións específicas con financiamento público de Plans Estatais dende o ano 2000 até a actualidade para conseguir a rehabilitación integral do conxunto.

Neste intre, están en vigor convenios e addendas asinados o 26.10.2017 para as fases 13, 14 e 15 do Casco Vello segundo o PE 2013-2016 e a súa prórroga.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda o 17.08.2018 publica no DOG, a R.03.08.2018 que xunto co RD 106/2018 regulan o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 na Comunidade autónoma de Galicia.

Nesta Resolución, establécese un prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da publicación, para que se proceda a remisión dunha solicitude segundo o modelo establecido para participar no Programa por cada unha das ARIs que se queiran incorporar a este programa e un certificado do acordo municipal de solicitar a participación e do compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico e os impresos do Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, de acordo co apartado sétimo de documentación complementaria.

Históricos

O barrio histórico de Vigo (máis coñecido como Casco Vello), do mesmo xeito que os centros históricos do resto de cidades galegas, estrutúrase a partir do antigo recinto amurallado e os seus barrios extramuros, comprendendo unha extensión de 21,84 hectáreas.

A pesar da súa céntrica posición xeográfica na cidade, o barrio histórico desempeñou un papel secundario a respecto da centralidade funcional de Vigo. O desenvolvemento da cidade, que tivo lugar durante o pasado século, foi desprazando progresivamente o seu centro funcional desde a antiga cidade amurallada cara o leste. Porén, a presenza do porto pesqueiro do Berbés, e o seu correspondente barrio dentro da cidade histórica, mantiveron actividades que asemade preservaron certo carácter de centralidade económica vinculada á actividade portuaria en xeral e turística ligada ao mercado da Pedra.

Cunha estrutura urbana conservada de forma desigual segundo as zonas, o desprazamento do centro económico e o escaso interese que durante un longo período amosou a cidade pola súa valoración cultural, propiciou un progresivo deterioro urbano que concluíu cunha importante degradación do seu casarío e dos espazos públicos, que se acompañou desde

1950 cun proceso de avellentamento da poboación residente, despoboamento residencial e aumento abusivo da terciarización que deu lugar a unha perda da identidade urbana e social da zona, con manifestacións de marxinação e exclusión social.

Relativos ó planeamento urbanístico

Actualmente, a Área de Rehabilitación Casco Vello de Vigo coincide cos límites do PERI (Plan Especial de Reforma Interior de 1991) do Casco Vello tal e como foi delimitado no PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, aínda así o PEPRI (aprobado definitivamente polo Pleno do Concello, en sesión do 12 de abril de 2007, publicado no B.O.P. Nº 96 do 18 de maio de 2007) contempla unha pequena ampliación do ámbito (un cuarteirón de edificación máis) e a proposta de ampliación (e conseguinte modificación do PXOM) cara outras partes do Ensanche.

O ámbito considerado foi declarado Ben de Interese Cultural, coa categoría de Conxunto Histórico Artístico, segundo Decreto 136/2006, do 27 de xullo, (DOG nº 161, de 22 de agosto de 2006).

O ámbito inclúe unha superficie total de 21,84 Ha, e afecta a un número total de 2.139 vivendas.

Segundo o PEPRI, o orzamento necesario para a rehabilitación do parque de vivendas ascendía á cantidade de 58.656.010 euros para o total das vivendas incluídas.

2. SITUACIÓN ACTUAL

Dende o ano 2000 ata a actualidade asináronse acordos de diferentes Plans de Vivenda para un total de 15 fases co fin de conseguir a rehabilitación integral da Área de Rehabilitación de Conxunto histórico do Casco Vello de Vigo.

Na actualidade están en período de execución actuacións no marco dos convenios e addendas das Fases 13, 14 e 15 de Casco Vello de Vigo.

Da última addenda do convenio da fase 13 están en execución 7 actuacións.

En data 27/10/2015, asínase o convenio para a fase 14 da ARIs declarada do Casco Vello de Vigo por un total de 50 actuacións de rehabilitación, ampliadas posteriormente ata 115 actuacións de rehabilitación mediante acordos recollidos nas addendas asinadas o 10/06/2016 e 26.10.2017.

O convenio da fase 15 asinouse para un total de 60 actuacións de rehabilitación, tres de edificación e obras de urbanización. Está solicitada a sinatura dunha addenda para a incorporación da financiación inicialmente asingada a urbanización para obras de rehabilitación. As actuacións deste convenio están pendentes de selección neste intre.

Como consecuencia destes acordos asinados, a día de hoxe contabilizamos 937 actuacións de rehabilitación rematadas. O Concello de Vigo, pon moito énfasis no cumprimento dos prazos e dos obxectivos que se asinan no marco dos Plan de Vivenda e Rehabilitación.

Para a administración local resulta fundamental o mantemento de actuacións dentro dos fins públicos para a seguridade das edificacións, da calidade de vida e do cumprimento das normativas de aplicación en materia de vivenda, edificacións, etc.

3. ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranguer zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan

Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARIs teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servicios e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretendía era coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

Segundo o artigo 9 do D18/2014, correspónderase cunha Área de Rehabilitación Integral de Conxunto Histórico por estar dentro dun conxunto histórico, conta cun plan de especial protección con máis de 50 vivendas.

4. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o período 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quenes asuman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

- Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.
- Alo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante seguond o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

As contías máximas das axudas serán:

- Porcentaxe subvencionable do custe da actuación.

– Determinarase atendendo ao custe total da intervención, que se desglosará segundo os criterios de fixación de contías do punto 2 do artigo. En todas elas, de xeito individualizado, non poderá excederse do 40 % do seu custe, salvo para o realoxo das familias e para a financiación do custe de xestión e dos equipos y oficinas de planeamento, información e acompañamento social nas que non operará este límite porcentual.

- Axuda unitaria máxima de:

- 12.000 € por cada vivenda obxecto de rehabilitación, en caso de edificios adicionalmente 120 euros por cada metro cuadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Esta axuda está condicionada a que se alcancen os obxectivos de redución de demanda enerxética establecidos no artigo 36 do Plan Estatal.

- A axuda básica unitaria establecida no párrafo anterior poderá se incrementada en 1000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos para edificios e vivendas declarados BIC, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

- As vivendas nas que os ingresos da unidade de convivencia residente sexan inferiores a tres veces o IPREM a porcentaxe máxima da axuda sobre a inversión poderá alcanzar ata o 75 % da inversión.

- As vivendas nas que resida unha persoa con discapacidade ou maior de 65 anos e se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade na porcentaxe máxima da axuda poderá alcanzar até o 75 % da inversión.

- 30.000 € por cada vivenda construída en substitución de outra demolida.

- 2.000 € por vivenda rehabilitada e/ou por vivenda construída en substitución de outra demolida, para as actuacións de mellora da calidade e sostibilidade do medio urbano.

- Ao anterior, engadiráselle, no seu caso 4.000€ anuais por unidade de convivencia a realoxar, durante o tempo de duración das obras até un máximo de 3 anos.

- Até 1000 € por vivenda rehabilitada ou construída en substitución de outra demolida, para sufragar o custe dos equipos e oficinas de planeamento, información, xestión e acompañamento social.

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de cinco anos desde a suscripción do Acordo da Comisión Bilateral.

5. PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE REHABILITACIÓN

De conformidade co apartado décimo oitavo da R. 03.08.2018 publicada o día 17 de agosto no Diario Oficial de Galicia, estableceuse as seguintes subvencións con cargo ao financiamento autonómico:

– **Até 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder o 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.**

– Até 1.500 euros por vivenda rehabilitada ou construída en substitución doutra demolida, para financiar o custo dos equipos e das oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O 30.07.2018 asínase o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade autónoma de Galicia que publícase mediante a Resolución da Secretaría Xeral de Vivenda o 31 de xullo de 2018.

7. BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS E RURAL

A R.03.08.2018, recolle no seu apartado décimo terceiro a participación dos concellos no programa segundo o que, remitirán á Dirección Xeral do IGVS unha solicitude para participar no Programa de rexeneración e renovación urbana para cada unha das súas ARIs, que dará lugar á formulación dun acordo de acordo co procedemento que se desenvolve no seu apartado décimo primeiro.

O acordo específico que se asine leva o compromiso de que o concello actúe como órgano xestor das actuacións e establecerá o financiamento máximo previsto en cada área de rehabilitación, as súas anualidades de financiamento así como os demais compromisos que asumirán.

A Resolución establece a comprobación de datos, a instrución do procedemento, etc.

No seu apartado décimo cuarto, se establece que as actuacións subvencionables son:

De conformidade co artigo 51 do RD 106/2018, son actuacións subvencionables as seguintes:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas.
2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, para o fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.
3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.
4. A execución das seguintes obras de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano:
 - 1) As de urbanización e reurbanización material dos espazos públicos, tales como consolidación, pavimentación, xardinaría, infraestruturas, instalacións, servizos de abastecemento de auga, saneamento, subministración enerxética, iluminación, recollida, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e utilización do subsolo.
 - 2) As de mellora da accesibilidade dos espazos públicos.
 - 3) As de mellora da eficiencia ambiental nas seguintes materias:

- a) En materia de auga, as de redución do uso de auga potable e de rega, as de xestión sustentable das escorrentías urbanas, as augas pluviais e residuais, e as de xestión de depuración e o seu retorno adecuado ao medio.
 - b) En materia de enerxía, as de mellora da eficiencia enerxética en edificación e en servizos urbanos, as de implantación de enerxías renovables e sistemas de climatización centralizada ou de distrito, considerados eficientes segundo a Directiva 2012/27/UE, as de fomento da mobilidade sustentable e, en xeral, todas aquelas destinadas a reducir a demanda enerxética, as emisións de gases contaminantes e a aumentar o uso de enerxías renovables.
 - c) En materia de xestión de residuos e uso de materiais, as de mellora da reciclaxe dos materiais, conforme os plans nacionais ou autonómicos de recollida de residuos, as de uso, tanto de materiais reciclados ou renovables en edificacións e en urbanizacións como de materiais locais, ligados a estratexias de promoción dunha xestión sustentable do territorio.
 - d) En materia de protección e mellora da biodiversidade, as infraestruturas verdes urbanas, como as propostas de conectividade de espazos verdes, de promoción de cubertas verdes ou de implantación de especies adecuadas ao medio.
5. As obras de demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exixencias do Código técnico da edificación.
6. As obras de construción de edificios e de vivendas, nos supostos de infravivenda e de chabolismo. Nestes casos, a edificación farase en función das unidades de convivencia residentes e das súas características e non en substitución doutros ou doutras demolidas, co fin último de posibilitar a súa inclusión social, a través do desfrute dunha vivenda digna nun contexto integrador.
7. Así mesmo, serán subvencionables:
- a) Os custos dos programas de realoxo temporal dos ocupantes de inmobles que deban ser desaloxados da súa vivenda habitual, como consecuencia da correspondente actuación. Inclúense tamén as actuacións de acompañamento social integral e individualizado das unidades de convivencia para favorecer a adecuada inclusión de cada un dos seus compoñentes no seu novo entorno.
 - b) Os gastos dos equipamentos e das oficinas de información, de xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables.

O Concello de Vigo convocará, no prazo que se estableza nos acordos específicos de financiamento asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, as axudas previstas para cada ámbito segundo as especificacións destas bases e demais requisitos establecidos na normativa.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

8. PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2018 NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021.

Os concellos de Galicia interesados en participar na anualidade 2018 neste programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 entre os que se atopa o Concello de Vigo, deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo segundo o Anexo I da R.03.08.2018, certificado do acordo municipal para solicitar a participación no programa e actuar como entidade xestora e o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación.

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a solicitude de participación da **Área de rehabilitación de Centro Histórico do Casco Vello** para o financiamento con cargo ao programa na anualidade 2018 do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 das actuacións indicadas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACION	Nº DE ACTUACIÓNS	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA PARTICULAR
REHABILITACIÓN	1.350.000,00	90	540.000,00	135.000,00	0,00	675.000,00
EDIFICACIÓN	428.571,43	5	150.000,00	0,00	0,00	278.571,43
REURBANIZACIÓN	542.857,14	2	190.000,00	0,00	352.857,14	0,00
EQUIPO TÉCNICO	237.500,00		95.000,00	95.000,00	47.500,00	0,00
TOTAL	2.558.928,57	97	975.000,00	230.000,00	400.357,14	953.571,43
%	100,00		38,10	8,99	15,65	37,26

Segundo o apartado décimo primeiro da R. 03.08.2018, o IGVS, logo de examinar as solicitudes admitidas, realizará unha proposta de repartición do financiamento entre os correspondentes concellos.

Esta proposta realizarase en atención aos tipos de actuacións contida no RD.106/2018 e ás dotacións orzamentarias fixadas para este programa, así mesmo teranse en conta o número de actuacións incluídas orixinariamente na declaración de ARI, o número de actuacións pendentes de executar, o número de actuacións solicitadas, o grado de execución polos concellos das actuacións incluídas en acordos anteriores, o número de áreas declaradas en cada concello, o cofinanciamento municipal para o desenvolvemento da ARI e o tipo de área de que se trate.

E posteriormente, unha vez notificado por parte do IGVS a financiación dispoñible ao Concello Vigo, este achegará a documentación necesaria para a formalización dos acordos específicos, de conformidade co artigo 52 do RD 106/2018.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local, por proposta do Consello da Xerencia da XMU, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Confirmar a participación na anualidade 2018 no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 da Área de Rehabilitación de Centro Histórico do Casco Vello, segundo as actuacións recollidas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACION	Nº DE ACTUACIONES	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA PARTICULAR
REHABILITACIÓN	1.350.000,00	90	540.000,00	135.000,00	0,00	675.000,00
EDIFICACIÓN	428.571,43	5	150.000,00	0,00	0,00	278.571,43
REURBANIZACIÓN	542.857,14	2	190.000,00	0,00	352.857,14	0,00
EQUIPO TÉCNICO	237.500,00		95.000,00	95.000,00	47.500,00	0,00
TOTAL	2.558.928,57	97	975.000,00	230.000,00	400.357,14	953.571,43
%	100,00		38,10	8,99	15,65	37,26

SEGUNDO.- Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento e o Concello de Vigo para a financiación das actuacións de rehabilitación, edificación, de obras no medio urbano, de mantemento de equipos técnicos e oficinas de información e xestión para a devandita área con financiación estatal e autonómica.

TERCEIRO.- Compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico.

CUARTO.- Remitir ao IGVS a certificación destes acordos, xunto co Anexo I, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, as certificacións de cumprimento da obrigas tributarias e de remisión das contas xerais, para a participación na anualidade 2018 do programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal 2018-2021, para que o organismo autonómico proceda á súa tramitación.

QUINTO.- Realizar os tramites posteriores á presentación de solicitudes relativos á comprobación de datos, Certificacións da Axencia Estatal da AT, da TXSS e da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, Certificación de ter cumprido o deber de remisión ao Consello de Contas de Galicia das contas correspondentes e a aportación de ficha resume e memoria-programa axustadas á proposta do IGVS sobre repartición do financiamento.

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do día 30/08/18, acorda elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno Local, aproba a proposta contida no precedente informe

19(980).- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2018 DO PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021 DA “ ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE BOUZAS”. EXPTE 2281/431.

Dase conta do informe-proposta do 28/08/18, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación, o xefe de Servizos Centrais e polo xerente de Urbanismo que di o seguinte:

Como parte do procedemento de solicitude de participación na anualidade 2018 do programa de fomento rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, da “**Área de Rehabilitación Xeral de Bouzas en Vigo**”, e seguindo co establecido na Resolución do 3 de agosto de 2018, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 e se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa (en diante R.03.08.2018) e, segundo o Real Decreto 106/2018 do 9 de marzo polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante RD106/2018), emítense o seguinte informe proposta:

1.ANTECEDENTES

Xerais

En setembro de 2002 apróbase definitivamente o Plan especial de Protección e reforma interior do Casco Histórico de Bouzas.

En data 25 de marzo de 2003 o Casco Histórico de Bouzas en Vigo obtivo a declaración de “Área de Rehabilitación” pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

Este recoñecemento administrativo permitiu o desenvolvemento de accións específicas con financiamento público de Plans Estatais dende o ano 2004 ata a actualidade para conseguir a rehabilitación integral do conxunto.

Neste intre, están en vigor convenios e addendas asinados o 26.10.2017 para as fases 8, 9 e 10 da ARI de Bouzas segundo o PE 2013-2016 e a súa prórroga.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda o 17.08.2018 publica no DOG, a R.03.08.2018 que xunto co RD 106/2018 regulan o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 na Comunidade autónoma de Galicia.

Nesta Resolución, establécese un prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da publicación, para que se proceda a remisión dunha solicitude segundo o modelo establecido para participar no Programa por cada unha das ARIs que se queiran incorporar a este programa e un certificado do acordo municipal de solicitar a participación e do compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico e os impresos do Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, de acordo co apartado sétimo de documentación complementaria.

Históricos

O casco histórico de Bouzas, nace como unha estación non permanente da actividade pesqueira, lugar elixido polos pescadores para construír uns alpendres onde albergarse na boca da ría, consolidase coma asentamento estable no século XII. Bouzas evolucionou en permanente competencia con Vigo conseguindo o privilexio de carga e descarga da sal e salazón de pescado con alfolí propio.

Foi adjudicada á Mitra de Tui en 1371 e obtivo a condición de concello propio dende o século XVI, recibindo en 1778 do rei Carlos III o título de “villa”.

En 1843 o municipio de Bouzas tiña 12 km² de territorio. As actividades na villa eran as de construción de buques menores, fabricación de hilados, salazón de sardiñas e outros oficios.

No ano 1904 e mediante un decreto publicado na Gaceta Oficial foi anexionada definitivamente ao Concello de Vigo.

O seu carácter histórico contrasta coa súa degradación física e a progresiva perda dos valores mariñeiros, coa integración na cidade de Vigo coma un barrio máis.

A desaparición das súas actividades económicas tradicionais, a hiperespecialización en actividades portuarias a gran escala e a formación de grandes actuacións urbanísticas de reforma interior no seu entorno.

Relativos ó planeamento urbanístico

O ámbito delimitado e coincidente coa delimitación xa reflectida no PEPRI de Bouzas, conta con Declaración de "Área de rehabilitación Integral" dende o 22 de marzo de 2003.

O ámbito inclúe unha superficie total de 13,89 Ha, e afecta a un número total de 500 vivendas.

O concello de Vigo aprobou o PEPRI de Bouzas en setembro de 2002 xa que considerou importante a rehabilitación deste barrio para a súa incorporación á cidade de Vigo recuperando e potenciando a súa identidade.

O seu carácter histórico contrasta coa súa degradación física e a progresiva perda dos valores mariñeiros, coa integración na cidade de Vigo coma un barrio máis.

A desaparición das súas actividades económicas tradicionais, a hiperespecialización en actividades portuarias a gran escala e a formación de grandes actuacións urbanísticas de reforma interior no seu entorno.

2.SITUACIÓN ACTUAL

Dende o ano 2004 até a actualidade asináronse acordos de diferentes Plans de Vivenda para un total de 10 fases para conseguir a rehabilitación integral da Área de Rehabilitación de Bouzas en Vigo.

Como quedou indicado anteriormente, na actualidade están en período de execución actuacións no marco dos convenios e addendas das Fases 8, 9 e 10 de Bouzas.

O convenio da fase 8 asinouse para un total de 11 actuacións de Rehabilitación contando cunha achega do Ministerio de Fomento para as obras de rehabilitación de 55.000€, das que están executadas 5 actuacións.

O convenio da fase 9 asinouse para un total de 55 actuacións de Rehabilitación contando cunha achega do Ministerio de Fomento para as obras de rehabilitación de 117.320€, destas están realizadas 22 actuacións con financiamento 2015-16, pendentes de remate 4 actuacións, e finalmente no Consello de xerencia do Concello de Vigo do 19.07.2018 apróbase a proposta de selección da Comisión de Avaliación da Oficina de Rehabilitación de outras 5 actuacións de rehabilitación. Esta fase rematouse unha obra de reurbanización.

O convenio da fase 10 asinouse para un total de 30 actuacións de Rehabilitación e unha de Edificación, todas as actuacións de este convenio están pendentes de selección neste intre.

Como consecuencia destes acordos asinados, a día de hoxe contabilizamos 302 actuacións rematadas. O Concello de Vigo, pon moito énfasis no cumprimento dos prazos e dos obxectivos que se asinan no marco dos Plan de Vivenda e Rehabilitación.

Para a administración local resulta fundamental o mantemento de actuacións dentro dos fins públicos para a seguridade das edificacións, da calidade de vida e do cumprimento das normativas de aplicación en materia de vivenda, edificacións, etc.

3. ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranguer zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARI teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servicios e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretendía era coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

Segundo o artigo 9 do D18/2014, correspónderase cunha Área de Rehabilitación Integral de Conxunto Histórico por estar dentro dun conxunto histórico, conta cun plan de especial protección con máis de 50 vivendas.

4. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

O Plan Estatal Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o periodo 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é

mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quen es asuman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

- Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.

- Alo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante segund o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

As contías máximas das axudas serán:

- Porcentaxe subvencionable do custe da actuación.

- Determinarase atendendo ao custe total da intervención, que se desglosará segundo os criterios de fixación de contías do punto 2 do artigo. En todas elas, de xeito individualizado, non poderá excederse do 40 % do seu custe, salvo para o realoxo das familias e para a financiación do custe de xestión e dos equipos y oficinas de planeamento, información e acompañamento social nas que non operará este límite porcentual.

- Axuda unitaria máxima de:

- 12.000 € por cada vivenda obxecto de rehabilitación, en caso de edificios adicionalmente 120 euros por cada metro cuadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Esta axuda está condicionada a que se alcancen os obxectivos de redución de demanda enerxética establecidos no artigo 36 do Plan Estatal.

- A axuda básica unitaria establecida no párrafo anterior poderá se incrementada en 1000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos para edificios e vivendas declarados BIC, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

- As vivendas nas que os ingresos da unidade de convivencia residente sexan inferiores a tres veces o IPREM a porcentaxe máxima da axuda sobre a inversión poderá alcanzar ata o 75 % da inversión.

- As vivendas nas que resida unha persoa con discapacidade ou maior de 65 anos e se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade na porcentaxe máxima da axuda poderá alcanzar até o 75 % da inversión.

- 30.000 € por cada vivenda construída en substitución de outra demolida.

- 2.000 € por vivenda rehabilitada e/ou por vivenda construída en substitución de outra demolida, para as actuacións de mellora da calidade e sostibilidade do medio urbano.

- Ao anterior, engadiráselle, no seu caso 4.000€ anuais por unidade de convivencia a realoxar, durante o tempo de duración das obras até un máximo de 3 anos.

- Até 1000 € por vivenda rehabilitada ou construída en substitución de outra demolida, para sufragar o custe dos equipos e oficinas de planeamento, información, xestión e acompañamento social.

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de cinco anos desde a suscripción do Acordo da Comisión Bilateral.

5. PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE REHABILITACIÓN

De conformidade co apartado décimo oitavo da R. 03.08.2018 publicada o día 17 de agosto no Diario Oficial de Galicia, establece as seguintes subvencións con cargo ao financiamento autonómico:

– **Até 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder o 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.**

– Até 1.500 euros por vivenda rehabilitada ou construída en substitución doutra demolida, para financiar o custo dos equipos e das oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O 30.07.2018 asínase o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade autónoma de Galicia que publícase mediante a Resolución da Secretaría Xeral de Vivenda o 31 de xullo de 2018.

7. BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL

A R.03.08.2018, recolle no seu apartado décimo terceiro a participación dos concellos no programa segundo o que, remitirán á Dirección Xeral do IGVS unha solicitude para participar no Programa de rexeneración e renovación urbana para cada unha das súas ARIs, que dará lugar á formulación dun acordo de acordo co procedemento que se desenvolve no seu apartado décimo primeiro.

O acordo específico que se asine leva o compromiso de que o concello actúe como órgano xestor das actuacións e establecerá o financiamento máximo previsto en cada área de rehabilitación, as súas anualidades de financiamento así como os demais compromisos que asumirán.

A Resolución establece a comprobación de datos, a instrución do procedemento, etc.

No seu apartado décimo cuarto, se establece que as actuacións subvencionables son:

De conformidade co artigo 51 do RD 106/2018, son actuacións subvencionables as seguintes:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas.
2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, para o fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.

3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.
4. A execución das seguintes obras de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano:
 1. As de urbanización e reurbanización material dos espazos públicos, tales como consolidación, pavimentación, xardinaría, infraestruturas, instalacións, servizos de abastecemento de auga, saneamento, subministración enerxética, iluminación, recollida, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e utilización do subsolo.
 2. As de mellora da accesibilidade dos espazos públicos.
 3. As de mellora da eficiencia ambiental nas seguintes materias:
 - a) En materia de auga, as de redución do uso de auga potable e de rega, as de xestión sustentable das escorrentías urbanas, as augas pluviais e residuais, e as de xestión de depuración e o seu retorno adecuado ao medio.
 - b) En materia de enerxía, as de mellora da eficiencia enerxética en edificación e en servizos urbanos, as de implantación de enerxías renovables e sistemas de climatización centralizada ou de distrito, considerados eficientes segundo a Directiva 2012/27/UE, as de fomento da mobilidade sustentable e, en xeral, todas aquelas destinadas a reducir a demanda enerxética, as emisións de gases contaminantes e a aumentar o uso de enerxías renovables.
 - c) En materia de xestión de residuos e uso de materiais, as de mellora da reciclaxe dos materiais, conforme os plans nacionais ou autonómicos de recollida de residuos, as de uso, tanto de materiais reciclados ou renovables en edificacións e en urbanizacións como de materiais locais, ligados a estratexias de promoción dunha xestión sustentable do territorio.
 - d) En materia de protección e mellora da biodiversidade, as infraestruturas verdes urbanas, como as propostas de conectividade de espazos verdes, de promoción de cubertas verdes ou de implantación de especies adecuadas ao medio.
 5. As obras de demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exigencias do Código técnico da edificación.
 6. As obras de construción de edificios e de vivendas, nos supostos de infravivenda e de chabolismo. Nestes casos, a edificación farase en función das unidades de convivencia residentes e das súas características e non en substitución doutros ou doutras demolidas, co fin último de posibilitar a súa inclusión social, a través do disfrute dunha vivenda digna nun contexto integrador.
 7. Así mesmo, serán subvencionables:
 - e) Os custos dos programas de realoxo temporal dos ocupantes de inmobles que deban ser desaloxados da súa vivenda habitual, como consecuencia da correspondente actuación. Inclúense tamén as actuacións de acompañamento social integral e individualizado das unidades de convivencia para favorecer a adecuada inclusión de cada un dos seus compoñentes no seu novo entorno.

- f) Os gastos dos equipamentos e das oficinas de información, de xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables.

O Concello de Vigo convocará, no prazo que se estableza nos acordos específicos de financiamento asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, as axudas previstas para cada ámbito segundo as especificacións destas bases e demais requisitos establecidos na normativa.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

8.- PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2018 NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021.

Os concellos de Galicia interesados en participar na anualidade 2018 neste programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 entre os que se atopa o Concello de Vigo, deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo segundo o Anexo I da R.03.08.2018, certificado do acordo municipal para solicitar a participación no programa e actuar como entidade xestora e o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación.

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a solicitude de participación da **Área de rehabilitación de Bouzas** para o financiamento con cargo ao programa na anualidade 2018 do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 das actuacións indicadas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACION	Nº DE ACTUACIONES	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA PARTICULAR
REHABILITACIÓN	450.000,00	30	180.000,00	45.000,00	0,00	225.000,00
EDIFICACIÓN	428.571,43	5	150.000,00	0,00	0,00	278.571,43
REURBANIZACIÓN	200.000,00	2	70.000,00	0,00	130.000,00	0,00
EQUIPO TÉCNICO	87.500,00		35.000,00	35.000,00	17.500,00	0,00
TOTAL	1.166.071,43	37	435.000,00	80.000,00	147.500,00	503.571,43
%	100,00		37,30	6,86	12,65	43,19

Segundo o apartado décimo primeiro da R. 03.08.2018, o IGVS, logo de examinar as solicitudes admitidas, realizará unha proposta de repartición do financiamento entre os correspondentes concellos.

Esta proposta realizarase en atención aos tipos de actuacións contidas no RD.106/2018 e ás dotacións orzamentarias fixadas para este programa, así mesmo teranse en conta o

número de actuacións incluídas orixinariamente na declaración de ARI, o número de actuacións pendetes de executar, o número de actuacións solicitadas, o grado de execución polos concellos das actuacións incluídas en acordos anteriores, o número de áreas declaradas en cada concello, o cofinanciamento municipal para o desenvolvemento da ARI e o tipo de área de que se trate.

E posteriormente, unha vez notificado por parte do IGVS a financiación dispoñible ao Concello Vigo, este achegará a documentación necesaria para a formalización dos acordos específicos, de conformidade co artigo 52 do RD 106/2018.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local, por proposta do Consello da Xerencia da XMU, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Confirmar a participación na anualidade 2018 do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 da Área de Rehabilitación de Bouzas, segundo as actuacións recollidas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACION	Nº DE ACTUACIÓNS	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA PARTICULAR
REHABILITACIÓN	450.000,00	30	180.000,00	45.000,00	0,00	225.000,00
EDIFICACIÓN	428.571,43	5	150.000,00	0,00	0,00	278.571,43
REURBANIZACIÓN	200.000,00	2	70.000,00	0,00	130.000,00	0,00
EQUIPO TÉCNICO	87.500,00		35.000,00	35.000,00	17.500,00	0,00
TOTAL	1.166.071,43	37	435.000,00	80.000,00	147.500,00	503.571,43
%	100,00		37,30	6,86	12,65	43,19

Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento e o Concello de Vigo para a financiación das actuacións de rehabilitación, edificación, de obras no medio urbano, de mantemento de equipos técnicos e oficinas de información e xestión para a devandita área con financiación estatal e autonómica.

TERCEIRO.- Compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico.

CUARTO.- Remitir ao IGVS a certificación destes acordos, xunto co Anexo I, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, as certificacións de cumprimento da obrigas tributarias e de remisión das contas xerais, para a participación na anualidade 2018 do programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal 2018-2021, para que o organismo autonómico proceda á súa tramitación.

QUINTO.- Realizar os tramites posteriores á presentación de solicitudes relativos á comprobación de datos, Certificacións da Axencia Estatal da AT, da TXSS e da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, Certificación de ter cumprido o deber de remisión ao Consello de Contas de Galicia das contas correspondentes e a aportación de ficha resume e memoria-programa axustadas á proposta do IGVS sobre repartición do financiamento.”

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do día 30/08/18, acorda elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local, aproba a proposta contida no precedente informe.

20(981).- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2018 DO PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021 DA “ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERAL BUEU-MOAÑA DO POLÍGONO DE COIA”. EXPTE. 2282/431.

Dase conta do informe-proposta do 28/08/18, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación, o xefe de Servizo Centrais, e polo xerente de Urbanismo que di o seguinte:

Como parte do procedemento de solicitude de participación na anualidade 2018 do programa de fomento rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, da “**Área de Rehabilitación Integral Xeral Bueu-Moaña, do polígono de Coia – Vigo**”, e seguindo co establecido na Resolución do 3 de agosto de 2018, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 e se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa (en diante R.03.08.2018) e, segundo o Real Decreto 106/2018 do 9 de marzo polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante RD106/2018), emítese o seguinte informe proposta:

1. ANTECEDENTES

Xerais

As 360 vivendas de promoción pública incluídas neste ámbito, pertencen a dúas actuacións de VPP construídas nos anos 1968 e 1973 e o forman 45 bloques de catro plantas e 8 vivendas, o primeiro grupo obtivo a súa cualificación provisional de Vivendas Protexidas en 05/01/1968 e o segundo grupo el 14/07/1973 a cualificación definitiva pola resolución da Dirección Xeral do Ministerio de Vivenda. O perímetro desta área recolle unha cantidade superior de vivendas ás 100 vivendas fixadas no artigo 46 do RD 2066/2008.

O ámbito delimitado, ocupa unha superficie de 26.322,22 m², e se estende polas rúas Bueu, Moaña, Camiño da Raposa e Vilagarcía de Arousa. Correspóndese coa couzada 09442, parcela 06 que acolle ás 360 vivendas de distintas superficies dentro do conxunto. Os representantes veciñais do barrio buscan dende fai moitos anos unha solución ao problema de accesibilidade das vivendas dado o envellecemento da poboación e os crecentes problemas de accesibilidade aos pisos.

Logo de diversos contactos entre o IGVS, as asociacións de veciños e o Concello de Vigo, se chega a tramitación dun Plan Especial para a mellora da accesibilidade a á declaración de ARI o 22 de xullo de 2015.

O 27.10.2015 asínase un convenio de obxectivos 2015 para a fase 1ª da “Área de Rehabilitación Integral Xeral Bueu-Moaña, do polígono de Coia – Vigo e o 10/06/2016 e o 26.10.2017, asínanse addendas para ampliación do número de actuacións deste convenio e prazo para realizar un total de 101 actuacións de rehabilitación e unha actuación de urbanización.

En data 26.10.2017 asínase un convenio de obxectivos 2017 para a fase 2ª da ARI Bueu-Moaña, do polígono de Coia para un total de 50 actuacións de rehabilitación pendente de selección, neste intre, e dúas actuacións de urbanización.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda o 17.08.2018 publica no DOG, a R.03.08.2018 que xunto co RD 106/2018 regulan o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 na Comunidade autónoma de Galicia.

Nesta Resolución, establécese un prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da publicación, para que se proceda a remisión dunha solicitude segundo o modelo establecido para participar no Programa por cada unha das ARIs que se queiran incorporar a este programa e un certificado do acordo municipal de solicitar a participación e do compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico e os impresos do Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, de acordo co apartado sétimo de documentación complementaria.

Relativos ó planeamento urbanístico

Redactouse un Plan Especial de Protección de Rehabilitación e reurbanización de espazos interiores, (a partir de agora PEPREI de Coia), pola arquitecta Cristina Cameselle Solá, que conta con aprobación definitiva no Pleno do Concello de Vigo do 28/10/2013.

O ámbito do ARI, delimitado de acordo coa reflectida no PEPREI COIA de Vigo, ocupa unha superficie de 26.322,22 m², e se estende polas rúas Bueu, Moaña, Camiño da Raposa e Vilagarcía de Arousa.

A área está dentro do Polígono de Coia dos anos 70 donde se sitúan as promocións de vivenda pública máis importantes en número e extensión do Concello de Vigo, pero no PXOM de 2008 non se establecían medidas de protección especiais, agás as propias do mantemento da tipoloxía edificatoria ao ser un grupo de vivendas concebido como conxunto e cun proxecto técnico específico conforme ao cal se edificaron resultando unha zona urbana con características homoxéneas.

O ámbito é, polo tanto, un continuo ordenado, con problemas de integración no seu contorno, so mantén un certo diálogo co resto do polígono de Coia por ter un tratamento semellante nas edificacións e nos espazos libres.

O PXOM de 2008 quedou derogado por senez do TSX o 10.11.2015 polo que está en vigor o PXOU de 1993, sendo de aplicación a ordenanza 1.2.A, residencial de edificación aberta de alta intensidade.

2. SITUACIÓN ACTUAL

En data 22 de xullo de 2015 a presidencia do IGVS emite Resolución de declaración de Área de Rehabilitación Integral á solicitude do Concello de Vigo para o ámbito das rúas Bueu-Moaña no Polígono de Coia en Vigo clasificada como ARI Xeral.

En data 06/02/2015 celébrase unha Comisión Bilateral de Vivenda na que se acorda un reparto para a financiación das ARIs da Comunidade Autónoma de Galicia.

En data 27.10.2015, asínase o convenio para a fase 1ª das rúas Bueu-Moaña no Polígono de Coia en Vigo por un total de 48 actuacións de rehabilitación, ampliadas posteriormente a 101 mediante o acordos recollidos nas addendas asinadas o 10/06/2016 e o 26.10.2017.

En data 26.10.2017, asínase o convenio para a fase 2ª das rúas Bueu-Moaña no Polígono de Coia en Vigo por un total de 50 actuacións de Rehabilitación, todas as actuacións de este convenio están pendentes de selección.

Na fase 1ª hai 53 actuacións de rehabilitación rematadas, a maiores o Consello de xerencia do Concello de Vigo do 19.07.2018 apróba a proposta de selección da Comisión de Avaliación da Oficina de Rehabilitación de outras 16 actuacións de rehabilitación pendentes de cualificación provisional. Rematouse unha obra de reurbanización.

Como consecuencia destes acordos asinados, a día de hoxe contabilizamos 53 actuacións de rehabilitación rematadas e 16 en execución. O Concello de Vigo, pon moito énfasis no cumprimento dos prazos e dos obxectivos que se asinan no marco dos Plan de Vivenda e Rehabilitación.

Para a administración local resulta fundamental o mantemento de actuacións dentro dos fins públicos para a seguridade das edificacións, da calidade de vida e do cumprimento das normativas de aplicación en materia de vivenda, edificacións, etc.

3. ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERÁL (ARIX)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranger zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARI teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servicios e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretende é coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

Segundo o artigo 9 do D18/2014, correspónderase cunha Área de Rehabilitación Integral Xeral por non estar dentro dun conxunto histórico nin nun concello de menos de 5.000 habitantes.

4. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o periodo 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quen es asuman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

- Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.
- Alo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante seguond o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

As contías máximas das axudas serán:

- Porcentaxe subvencionable do custe da actuación.
 - Determinarase atendendo ao custe total da intervención, que se desglosará segundo os criterios de fixación de contías do punto 2 do artigo. En todas elas, de xeito individualizado, non poderá excederse do 40 % do seu custe, salvo para o realoxo das familias e para a financiación do custe de xestión e dos equipos y oficinas de planeamento, información e acompañamento social nas que non operará este límite porcentual.
- Axuda unitaria máxima de:
 - 12.000 € por cada vivenda obxecto de rehabilitación, en caso de edificios adicionalmente 120 euros por cada metro cuadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Esta axuda está condicionada a que se alcancen os obxectivos de redución de demanda enerxética establecidos no artigo 36 do Plan Estatal.
 - A axuda básica unitaria establecida no párrafo anterior poderá se incrementada en 1000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos para edificios e vivendas declarados BIC, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.
 - As vivendas nas que os ingresos da unidade de convivencia residente sexan inferiores a tres veces o IPREM a porcentaxe máxima da axuda sobre a inversión poderá alcanzar ata o 75 % da inversión.

→As vivendas nas que resida unha persoa con discapacidade ou maior de 65 anos e se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade na porcentaxe máxima da axuda poderá alcanzar até o 75 % da inversión.

→30.000 € por cada vivenda construída en substitución de outra demolida.

→2.000 € por vivenda rehabilitada e/ou por vivenda construída en substitución de outra demolida, para as actuacións de mellora da calidade e sostibilidade do medio urbano.

→Ao anterior, engadiráselle, no seu caso 4.000€ anuais por unidade de convivencia a realoxar, durante o tempo de duración das obras até un máximo de 3 anos.

→Até 1000 € por vivenda rehabilitada ou construída en substitución de outra demolida, para sufragar o custe dos equipos e oficinas de planeamento, información, xestión e acompañamento social.

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de cinco anos desde a suscripción do Acordo da Comisión Bilateral.

5. PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE REHABILITACIÓN

De conformidade co apartado décimo oitavo da R. 03.08.2018 publicada o día 17 de agosto no Diario Oficial de Galicia, establece as seguintes subvencións con cargo ao financiamento autonómico:

– Até 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder o 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.

– Até 1.500 euros por vivenda rehabilitada ou construída en substitución doutra demolida, para financiar o custo dos equipos e das oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O 30.07.2018 asínase o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade autónoma de Galicia que publícase mediante a Resolución da Secretaría Xeral de Vivenda o 31 de xullo de 2018.

7. BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS

A R.03.08.2018, recolle no seu apartado décimo terceiro a participación dos concellos no programa segundo o que, remitirán á Dirección Xeral do IGVS unha solicitude para participar no Programa de rexeneración e renovación urbana para cada unha das súas ARIs, que dará lugar á formulación dun acordo de acordo co procedemento que se desenvolve no seu apartado décimo primeiro.

O acordo específico que se asine leva o compromiso de que o concello actúe como órgano xestor das actuacións e establecerá o financiamento máximo previsto en cada área de rehabilitación, as súas anualidades de financiamento así como os demais compromisos que asumirán.

A Resolución establece a comprobación de datos, a instrución do procedemento, etc.

No seu apartado décimo cuarto, se establece que as actuacións subvencionables son:

De conformidade co artigo 51 do RD 106/2018, son actuacións subvencionables as seguintes:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas.
2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, para o fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.
3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.
4. A execución das seguintes obras de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano:
 - 1) As de urbanización e reurbanización material dos espazos públicos, tales como consolidación, pavimentación, xardinaría, infraestruturas, instalacións, servizos de abastecemento de auga, saneamento, subministración enerxética, iluminación, recollida, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e utilización do subsolo.
 - 2) As de mellora da accesibilidade dos espazos públicos.
 - 3) As de mellora da eficiencia ambiental nas seguintes materias:
 - a) En materia de auga, as de redución do uso de auga potable e de rega, as de xestión sustentable das escorrentías urbanas, as augas pluviais e residuais, e as de xestión de depuración e o seu retorno adecuado ao medio.
 - b) En materia de enerxía, as de mellora da eficiencia enerxética en edificación e en servizos urbanos, as de implantación de enerxías renovables e sistemas de climatización centralizada ou de distrito, considerados eficientes segundo a Directiva 2012/27/UE, as de fomento da mobilidade sustentable e, en xeral, todas aquelas destinadas a reducir a demanda enerxética, as emisións de gases contaminantes e a aumentar o uso de enerxías renovables.
 - c) En materia de xestión de residuos e uso de materiais, as de mellora da reciclaxe dos materiais, conforme os plans nacionais ou autonómicos de recollida de residuos, as de uso, tanto de materiais reciclados ou renovables en edificacións e en urbanizacións como de materiais locais, ligados a estratexias de promoción dunha xestión sustentable do territorio.
 - d) En materia de protección e mellora da biodiversidade, as infraestruturas verdes urbanas, como as propostas de conectividade de espazos verdes, de promoción de cubertas verdes ou de implantación de especies adecuadas ao medio.

5. As obras de demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exixencias do Código técnico da edificación.
6. As obras de construción de edificios e de vivendas, nos supostos de infravivenda e de chabolismo. Nestes casos, a edificación farase en función das unidades de convivencia residentes e das súas características e non en substitución doutros ou doutras demolidas, co fin último de posibilitar a súa inclusión social, a través do desfrute dunha vivenda digna nun contexto integrador.
7. Así mesmo, serán subvencionables:
 - e) Os custos dos programas de realoxo temporal dos ocupantes de inmobles que deban ser desaloxados da súa vivenda habitual, como consecuencia da correspondente actuación. Inclúense tamén as actuacións de acompañamento social integral e individualizado das unidades de convivencia para favorecer a adecuada inclusión de cada un dos seus compoñentes no seu novo entorno.
 - f) Os gastos dos equipamentos e das oficinas de información, de xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables.

O Concello de Vigo convocará, no prazo que se estableza nos acordos específicos de financiamento asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, as axudas previstas para cada ámbito segundo as especificacións destas bases e demais requisitos establecidos na normativa.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

8. PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2018 NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021.

Os concellos de Galicia interesados en participar na anualidade 2018 neste programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 entre os que se atopa o Concello de Vigo, deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo segundo o Anexo I da R.03.08.2018, certificado do acordo municipal para solicitar a participación no programa e actuar como entidade xestora e o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación.

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a solicitude de participación da **Área de Rehabilitación Integral Xeral Bueu-Moaña, do polígono de Coia – Vigo** para o financiamento con cargo ao programa na anualidade 2018 do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 das actuacións indicadas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE AC-TUACION	Nº DE AC-TUACIONES	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA PARTICULAR
REHABILITACIÓN	1.350.000,00	90	540.000,00	135.000,00	0,00	675.000,00
EDIFICACIÓN	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00

REURBANIZACIÓN	514.285,71	2	180.000,00	0,00	334.285,71	0,00
EQUIPO TÉCNICO	225.000,00		90.000,00	90.000,00	45.000,00	0,00
TOTAL	2.089.285,71	92	810.000,00	225.000,00	379.285,71	675.000,00
%	100,00		38,77	10,77	18,15	32,31

Segundo o apartado décimo primeiro da R. 03.08.2018, o IGVS, logo de examinar as solicitudes admitidas, realizará unha proposta de repartición do financiamento entre os correspondentes concellos.

Esta proposta realizarase en atención aos tipos de actuacións contidas no RD.106/2018 e ás dotacións orzamentarias fixadas para este programa, así mesmo teranse en conta o número de actuacións incluídas orixinariamente na declaración de ARI, o número de actuacións pendentes de executar, o número de actuacións solicitadas, o grado de execución polos concellos das actuacións incluídas en acordos anteriores, o número de áreas declaradas en cada concello, o cofinanciamento municipal para o desenvolvemento da ARI e o tipo de área de que se trate.

E posteriormente, unha vez notificado por parte do IGVS a financiación dispoñible ao Concello Vigo, este achegará a documentación necesaria para a formalización dos acordos específicos, de conformidade co artigo 52 do RD 106/2018.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local, por proposta do Consello da Xerencia da XMU, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Confirmar a participación na anualidade 2018 no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 da Área de Rehabilitación Integral Xeral Bueu-Moaña, do polígono de Coia – Vigo”, segundo as actuacións recollidas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACIÓN	Nº DE ACTUACIONES	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCE-LLO	ACHEGA PARTICU-LAR
REHABILITACIÓN	1.350.000,00	90	540.000,00	135.000,00	0,00	675.000,00
EDIFICACIÓN	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00
REURBANIZA-CIÓN	514.285,71	2	180.000,00	0,00	334.285,71	0,00
EQUIPO TÉCNICO	225.000,00		90.000,00	90.000,00	45.000,00	0,00
TOTAL	2.089.285,71	92	810.000,00	225.000,00	379.285,71	675.000,00
%	100,00		38,77	10,77	18,15	32,3

SEGUNDO.- Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento e o Concello de Vigo para a financiación das actuacións de rehabilitación, de obras no medio urbano, de mantemento de equipos técnicos e oficinas de información e xestión para a devandita área con financiación estatal e autonómica.

TERCEIRO.- Compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico.

CUARTO.- Remitir ao IGVS a certificación destes acordos, xunto co Anexo I, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, as certificacións de cumprimento das obrigas tributarias e

de remisión das contas xerais, para a participación na anualidade 2018 do programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal 2018-2021, para que o organismo autonómico proceda á súa tramitación.

QUINTO.- Realizar os tramites posteriores á presentación de solicitudes relativos á comprobación de datos, Certificacións da Axencia Estatal da AT, da TXSS e da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, Certificación de ter cumprido o deber de remisión ao Consello de Contas de Galicia das contas correspondentes e a aportación de ficha resume e memoria-programa axustadas á proposta do IGVS sobre repartición do financiamento.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local, aproba a proposta contida no precedente informe.

21(982).- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE DE 2018 DO PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021 DA “ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERAL DO GRUPO DE CASAS SANTA CLARA”. EXPTE.2283/431.

Dase conta do informe-proposta do 28/08/18, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación, o xefe de Servizo Centrais, e polo xerente de Urbanismo que di o seguinte:

Como parte do procedemento de solicitude de participación na anualidade 2018 do programa de fomento rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, da “**Área de Rehabilitación Integral Xeral do Grupo de Casas de Santa Clara**”, e seguindo co establecido na Resolución do 3 de agosto de 2018, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 e se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa (en diante R.03.08.2018) e, segundo o Real Decreto 106/2018 do 9 de marzo polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante RD106/2018), emítase o seguinte informe proposta:

1. ANTECEDENTES

Xerais

As vivendas sociais da Barriada Álvarez en Santa Clara, foron adquiridas polo Grupo de Empresas Álvarez, S.A. (GEA) mediante escritura pública suscrita o 26 de febreiro de 1985 perante notario. O vendedor era o IPPV que transmitiu as 96 unidades destinadas á GEA pola contía de 3.875.406 pts.

As vivendas construídas en 1944 forman 16 bloques de tres andares e obtiveron a súa cualificación definitiva de Vivendas Protexidas pola resolución da Dirección Xeneral do IPPV en 1951.

En novembro de 2010 celebrouse unha poxa pública das 96 vivendas propiedade da empresa que finalmente foron adquiridas polos propietarios actuais.

O perímetro desta área recolle, como xa se dixo anteriormente, un total de 96 vivendas, inferior ás fixadas no artigo 46 do RD 2066/2008 polo que require do acordo de aceptación da excepcionalidade do cumprimento do número mínimo de vivendas dentro da ARI nunha Comisión Bilateral de seguimento entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia, quedando suficientemente xustificada a delimitación deste ámbito ao non ter ningunha relación co entorno máis próximo e ser en si mesmas un conxunto delimitado no PXOM de Vigo como área de ordenanza específica de edificios singulares, cuxo perímetro está perfectamente definido e pechado. É ademais unha zona que se atopa cunhas patoloxías importantes, que fai necesaria a súa intervención e rehabilitación urxente.

En sesión ordinaria do Pleno do Concello de Vigo do día 26 de novembro de 2012, e contido no expediente 585/431/2012 consta a memoria para a solicitude de declaración de ARI, que resulta aprobada a petición e se remite a solicitude de Declaración de Área de Rehabilitación Integral do Grupo de Casas de Santa Clara, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Pero tal Declaración non ten tramitación no Organismo Autónomo IGVS dentro do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

O 27.10.2015 asínase un convenio de obxectivos 2015 para a fase 1ª das Casas de Santa Clara, o 10/06/2016 e o 26.10.2017, asínanse addendas para ampliación do número de actuacións deste convenio e prazo para realizar un total de 24 actuacións de rehabilitación.

En data 26.10.2017 asínase un convenio de obxectivos 2017 para a fase 2ª das Casas de Santa Clara, a para un total de 15 actuacións de rehabilitación pendente de selección, neste intre.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda o 17.08.2018 publica no DOG, a R.03.08.2018 que xunto co RD 106/2018 regulan o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 na Comunidade autónoma de Galicia.

Nesta Resolución, establécese un prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da publicación, para que se proceda a remisión dunha solicitude segundo o modelo establecido para participar no Programa por cada unha das ARIs que se queiran incorporar a este programa e un certificado do acordo municipal de solicitar a participación e do compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico e os impresos do Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, de acordo co apartado sétimo de documentación complementaria.

1.

Relativos ó planeamento urbanístico

O ámbito delimitado de acordo coa delimitación xa reflectida no PXOM con aprobación definitiva parcial por Orde da Consellería de Política Territorial de data 16 de maio de 2008, e aprobación definitiva do documento de cumprimento da Orde anterior pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de Xullo de 2009 para o Concello de Vigode Vigo, estaba clasificado como SOLO URBANO CONSOLIDADO como ordenanza 8 de conxuntos reformables, ocupa unha superficie de 8.795,76 m², e espállase polas rúas Ramón Nieto e Barriada Santa Clara e servíu de base para a declaración de ARI.

Esta ordenanza regulaba áreas urbanas con tipoloxía edificatoria propia das vivendas de promoción pública, como neste caso, de vivendas construídas a petición dunha empresa para acoller aos seus traballadores, polo ministerio de industria na súa época.

O ámbito así determinado denomínase Grupo de Casas de Santa Clara, pero no PXOM non se establecía medidas de protección especiais, agás as propias do mantemento da tipoloxía edificatoria por ser un grupo de vivendas concebido como conxunto e cun proxecto técnico

específico conforme ao cal se edificaron resultando unha zona urbana con características homoxéneas.

O ámbito é, polo tanto, un continuo ordenado, escasamente integrado no seu contorno.

O PXOM de 2008 quedou derogado por senez da TSX o 10.11.2015 polo que está en vigor o PXOU de 1993, sendo de aplicación a ordenanza 1.2.B, residencial de edificación aberta de media intensidade.

Encóntrase a unha altitude aproximada de 99.20 m sobre o nivel do mar e está localizado dentro da delimitación do código postal 36205.

Segundo a memoria que serviu para a declaración de ARI, o orzamento necesario para a rehabilitación do parque de vivendas ascendía á cantidade de 3.428.403 euros para o total das 96 vivendas incluídas e os custos de reurbanización, ascenderían a 635.218 euros.

2. SITUACIÓN ACTUAL

En data 22 de xullo de 2015 a presidencia do IGVS emite Resolución de declaración de Área de Rehabilitación Integral á solicitude do Concello de Vigo para o ámbito do Grupo de Casas de Santa Clara, Cabral en Vigo clasificada como ARI Xeral.

En data 27.10.2015, asínase o convenio para a fase 1ª da Área de Casas de Santa Clara de Vigo por un total de 18 actuacións de rehabilitación, ampliadas posteriormente a 24 mediante os acordos recollidos nas addendas asinadas o 10/06/2016 e o 26.10.2017.

En data 26.10.2017, asínase o convenio para a fase 2ª da Área de Casas de Santa Clara de Vigo por un total de 15 actuacións de Rehabilitación, todas as actuacións de este convenio están pendentes de selección.

Na Fase 1ª a día de hoxe contabilizamos 6 actuacións de rehabilitación rematadas.

Para a administración local resulta fundamental o mantemento de actuacións dentro dos fins públicos para a seguridade das edificacións, da calidade de vida e do cumprimento das normativas de aplicación en materia de vivenda, edificacións, etc.

3. ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERAL (ARIX)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranguer zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARI teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servizos e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretendía era coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

Segundo o artigo 9 do D18/2014, correspónderase cunha Área de Rehabilitación Integral Xeral por non estar dentro dun conxunto histórico nin nun concello de menos de 5.000 habitantes.

4. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o período 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quen es asuman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

➤Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.

➤Alo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante segundo o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

As contías máximas das axudas serán:

➤Porcentaxe subvencionable do custe da actuación.

→Determinarase atendendo ao custe total da intervención, que se desglosará segundo os criterios de fixación de contías do punto 2 do artigo. En todas elas, de xeito individualizado, non poderá excederse do 40 % do seu custe, salvo para o realoxo das familias e para a financiación do custe de xestión e dos equipos y oficinas de planeamento, información e acompañamento social nas que non operará este límite porcentual.

➤Axuda unitaria máxima de:

→12.000 € por cada vivenda obxecto de rehabilitación, en caso de edificios adicionalmente 120 euros por cada metro cuadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Esta axuda está condicionada a que se alcancen os obxectivos de redución de demanda enerxética establecidos no artigo 36 do Plan Estatal.

→A axuda básica unitaria establecida no párrafo anterior poderá se incrementada en 1000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos para edificios e vivendas declarados BIC, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

→As vivendas nas que os ingresos da unidade de convivencia residente sexan inferiores a tres veces o IPREM a porcentaxe máxima da axuda sobre a inversión poderá alcanzar ata o 75 % da inversión.

→As vivendas nas que resida unha persoa con discapacidade ou maior de 65 anos e se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade na porcentaxe máxima da axuda poderá alcanzar até o 75 % da inversión.

→30.000 € por cada vivenda construída en substitución de outra demolida.

→2.000 € por vivenda rehabilitada e/ou por vivenda construída en substitución de outra demolida, para as actuacións de mellora da calidade e sostibilidade do medio urbano.

→Ao anterior, engadiráselle, no seu caso 4.000€ anuais por unidade de convivencia a realoxar, durante o tempo de duración das obras até un máximo de 3 anos.

→Até 1000 € por vivenda rehabilitada ou construída en substitución de outra demolida, para sufragar o custe dos equipos e oficinas de planeamento, información, xestión e acompañamento social.

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de cinco anos desde a suscripción do Acordo da Comisión Bilateral.

5. PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE REHABILITACIÓN

De conformidade co apartado décimo oitavo da R. 03.08.2018 publicada o día 17 de agosto no Diario Oficial de Galicia, establece as seguintes subvencións con cargo ao financiamento autonómico:

- Até 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder o 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.
- Até 1.500 euros por vivenda rehabilitada ou construída en substitución doutra demolida, para financiar o custo dos equipos e das oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O 30.07.2018 asínase o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade autónoma de Galicia que publícase mediante a Resolución da Secretaría Xeral de Vivenda o 31 de xullo de 2018.

7. BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS

A R.03.08.2018, recolle no seu apartado décimo terceiro a participación dos concellos no programa segundo o que, remitirán á Dirección Xeral do IGVS unha solicitude para participar no Programa de rexeneración e renovación urbana para cada unha das súas ARIs, que dará lugar á formulación dun acordo de acordo co procedemento que se desenvolve no seu apartado décimo primeiro.

No acordo específico que se asine levará o compromiso de que o concello actúe como órgano xestor das actuacións e establecerá o financiamento máximo previsto en cada área de rehabilitación, as súas anualidades de financiamento así como os demais compromisos que asumirán.

A Resolución establece a comprobación de datos, a instrución do procedemento, etc.

No seu apartado décimo cuarto, se establece que as actuacións subvencionables son:

De conformidade co artigo 51 do RD 106/2018, son actuacións subvencionables as seguintes:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas.
2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, para o fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.
3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.
4. A execución das seguintes obras de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano:
 - 1) As de urbanización e reurbanización material dos espazos públicos, tales como consolidación, pavimentación, xardinaría, infraestruturas, instalacións, servizos de abastecemento de auga, saneamento, subministración enerxética, iluminación, recollida, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e utilización do subsolo.
 - 2) As de mellora da accesibilidade dos espazos públicos.
 - 3) As de mellora da eficiencia ambiental nas seguintes materias:
 - a) En materia de auga, as de redución do uso de auga potable e de rega, as de xestión sustentable das escorrentías urbanas, as augas pluviais e residuais, e as de xestión de depuración e o seu retorno adecuado ao medio.
 - b) En materia de enerxía, as de mellora da eficiencia enerxética en edificación e en servizos urbanos, as de implantación de enerxías renovables e sistemas de climatización centralizada ou de distrito, considerados eficientes segundo a Directiva 2012/27/UE, as de fomento da mobilidade sustentable e, en xeral, todas aquelas destinadas a reducir a demanda enerxética, as emisións de gases contaminantes e a aumentar o uso de enerxías renovables.

- c) En materia de xestión de residuos e uso de materiais, as de mellora da reciclaxe dos materiais, conforme os plans nacionais ou autonómicos de recollida de residuos, as de uso, tanto de materiais reciclados ou renovables en edificacións e en urbanizacións como de materiais locais, ligados a estratexias de promoción dunha xestión sustentable do territorio.
 - d) En materia de protección e mellora da biodiversidade, as infraestruturas verdes urbanas, como as propostas de conectividade de espazos verdes, de promoción de cubertas verdes ou de implantación de especies adecuadas ao medio.
5. As obras de demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exixencias do Código técnico da edificación.
6. As obras de construción de edificios e de vivendas, nos supostos de infravivenda e de chabolismo. Nestes casos, a edificación farase en función das unidades de convivencia residentes e das súas características e non en substitución doutros ou doutras demolidas, co fin último de posibilitar a súa inclusión social, a través do desfrute dunha vivenda digna nun contexto integrador.
7. Así mesmo, serán subvencionables:
- e) Os custos dos programas de realoxo temporal dos ocupantes de inmobles que deban ser desaloxados da súa vivenda habitual, como consecuencia da correspondente actuación. Inclúense tamén as actuacións de acompañamento social integral e individualizado das unidades de convivencia para favorecer a adecuada inclusión de cada un dos seus compoñentes no seu novo entorno.
 - f) Os gastos dos equipamentos e das oficinas de información, de xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables.

O Concello de Vigo convocará, no prazo que se estableza nos acordos específicos de financiamento asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, as axudas previstas para cada ámbito segundo as especificacións destas bases e demais requisitos establecidos na normativa.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

8. PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2018 NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021.

Os concellos de Galicia interesados en participar na anualidade 2018 neste programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 entre os que se atopa o Concello de Vigo, deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo segundo o Anexo I da R.03.08.2018,

certificado do acordo municipal para solicitar a participación no programa e actuar como entidade xestora e o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación.

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a solicitude de participación da **Área de Rehabilitación Integral Xeral de Casas de Santa Clara** para o financiamento con cargo ao programa na anualidade 2018 do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 das actuacións indicadas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACION	Nº DE ACTUACIONES	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA PARTICULAR
REHABILITACIÓN	576.000,00	36	230.400,00	48.600,00	0,00	297.000,00
EDIFICACIÓN	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00
REURBANIZACIÓN	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00
EQUIPO TÉCNICO	90.000,00		36.000,00	36.000,00	18.000,00	0,00
TOTAL	666.000,00	36	266.400,00	84.600,00	18.000,00	297.000,00
%	100,00		40,00	12,70	2,70	44,59

Segundo o apartado décimo primeiro da R. 03.08.2018, o IGVS, logo de examinar as solicitudes admitidas, realizará unha proposta de repartición do financiamento entre os correspondentes concellos.

Esta proposta realizarase en atención aos tipos de actuacións contidas no RD.106/2018 e ás dotacións orzamentarias fixadas para este programa, así mesmo teranse en conta o número de actuacións incluídas orixinariamente na declaración de ARI, o número de actuacións pendentes de executar, o número de actuacións solicitadas, o grado de execución polos concellos das actuacións incluídas en acordos anteriores, o número de áreas declaradas en cada concello, o cofinanciamento municipal para o desenvolvemento da ARI e o tipo de área de que se trate.

E posteriormente, unha vez notificado por parte do IGVS a financiación dispoñible ao Concello Vigo, este achegará a documentación necesaria para a formalización dos acordos específicos, de conformidade co artigo 52 do RD 106/2018.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local, por proposta do Consello da Xerencia da XMU, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Confirmar a participación na anualidade 2018 no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 da Área de Rehabilitación Integral Xeral de Casas de Santa Clara, segundo as actuacións recollidas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACION	Nº DE ACTUACIONES	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA PARTICULAR
-----------	-----------------	-------------------	-------------------	--------------	-----------------	-------------------

REHABILITACIÓN	576.000,00	36	230.400,00	48.600,00	0,00	297.000,00
EDIFICACIÓN	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00
REURBANIZACIÓN	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00
EQUIPO TÉCNICO	90.000,00		36.000,00	36.000,00	18.000,00	0,00
TOTAL	666.000,00	36	266.400,00	84.600,00	18.000,00	297.000,00
%	100,00		40,00	12,70	2,70	44,59

SEGUNDO.- Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento e o Concello de Vigo para a financiación das actuacións de rehabilitación, edificación, de obras no medio urbano, de mantemento de equipos técnicos e oficinas de información e xestión para a devandita área con financiación estatal e autonómica.

TERCEIRO.- Compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico.

CUARTO.- Remitir ao IGVS a certificación destes acordos, xunto co Anexo I, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, as certificacións de cumprimento da obrigas tributarioas e de remisión das contas xerais, para a participación na anualidade 2018 do programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal 2018-2021, para que o organismo autonómico proceda á súa tramitación.

QUINTO.- Realizar os tramites posteriores á presentación de solicitudes relativos á comprobación de datos, Certificacións da Axencia Estatal da AT, da TXSS e da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, Certificación de ter cumprido o deber de remisión ao Consello de Contas de Galicia das contas correspondentes e a aportación de ficha resume e memoria-programa axustadas á proposta do IGVS sobre repartición do financiamento.”

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do día 30/08/18, acorda elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local, aproba a proposta contida no precedente informe.

22(983).- AMPLIACIÓN DA DECLARACIÓN DA “ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERAL BUEU-MOAÑA DO POLÍGONO DE COIA-VIGO”. EXPTE. 2300/431.

Dase conta do informe-proposta do 28/08/18, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación, e polo xerente de Urbanismo que di o seguinte:

1. ANTECEDENTES

Xerais

As 360 vivendas de promoción pública incluídas na declaración inicial neste ámbito, pertencen a dúas actuacións de VPP construídas nos anos 1968 e 1973 e o forman 45 bloques de catro plantas e 8 vivendas, obtiveron a súa cualificación de Vivendas Protexidas en 05/01/1968 a provisional o primeiro grupo e 14/07/1973 a cualificación definitiva o segundo grupo pola resolución da Dirección Xeral do Ministerio de Vivenda

O ámbito delimitado, ocupa unha superficie de 26.322,22 m², e se estende polas rúas Bueu, Moaña, Camiño da Raposa e Vilagarcía e Arousa.

Moitos veciños das zonas limítrofes ao ámbito xa declarado, e en xeral de todo o Polígono de Coia, achegáronse nos últimos anos pola Oficina de rehabilitación coa intención de solicitar axudas e os representantes veciñais do barrio intentan ampliar a Área de Rehabilitación para acadar unha solución aos problemas de conservación e accesibilidade das vivendas dado o crecente envellecemento da poboación e os problemas de accesibilidade aos pisos.

A Ampliación da Área de rehabilitación integral Xeral Bueu-Moaña, que se propón, inclúe 1.000 vivendas en 88 edificacións, cunha superficie de 70.411,10 m².

A superficie total do ámbito proposto para a ampliación da Área de rehabilitación integral Xeral Bueu-Moaña, será de 96.733,22 m², cun número total de vivendas de 1.360, agrupadas en 133 edificios.

Correspóndese con parcelas do cuarteirón 09442 donde xa se atopaban as edificacións incluídas na ARI xa declarada, e a maiores parcela dos cuarteiróns 6439, 6408 e 9417.

Polas novas dos xornais coñecemos a participación veciñal e a súa mobilización para que se rexenere esta zona degradada da cidade de Vigo

Relativos ó planeamento urbanístico

Redactouse un Plan Especial de Protección de Rehabilitación e reurbanización de espazos interiores, (a partir de agora PEPREI de Coia), pola arquitecta Cristina Cameselle Solá, que conta con aprobación definitiva no Pleno do Concello de Vigo do 28/10/2013. A zona que se pretende ampliar, ten características semellantes e problemáticas moi parecidas.

O ámbito do ARI xa declarado, delimitado de acordo coa reflectida no PEPREI COIA de Vigo, ocupa unha superficie de 26.322,22 m², e se estende polas rúas Bueu, Moaña, Camiño da Raposa e Vilagarcía de Arousa.

O PXOM de 2008 quedou derogado por senezza do TSX o 10.11.2015 polo que está en vigor o **PXOU de 1993, sendo de aplicación a ordenanza 1.2.A, residencial de edificación aberta de alta intensidade** e parte das zonas baleiras están dentro da ordenanza 3.1.A de zonas libres, parques e xardines.

Dentro dos requisitos da convocatoria pública de selección das obras de edificación será necesaria a obtención do correspondente título habilitante que avalará o cumprimento da normativa urbanística.

As obras que se seleccionarán nos edificios serán de restauración, conservación, rehabilitación, obras exteriores, compatibles co PXOM vixente.

As urbanizacións contarán cos proxectos de urbanización necesarios segundo a lei de Ordenación da Edificación e lei de Contratos do Sector Público, no que se pormenoricen as obras e o cumprimento da normativa.

A área está dentro do Polígono de Coia dos anos 70 onde se sitúan as promocións de vivenda pública máis importantes en número e extensión do Concello de Vigo, pero no PXOM non se establecen polo de agora medidas de protección especiais, agás as propias do mantemento da tipoloxía edificatoria ao ser un grupo de vivendas concebido como conxunto e cun proxecto técnico específico conforme ao cal se edificaron resultando unha zona urbana con características homoxéneas.

O ámbito é, polo tanto, un continuo ordenado que mantén un certo diálogo co resto do polígono de Coia por ter un tratamento semellante nas edificacións e nos espazos libres.

2. SITUACIÓN ACTUAL

A superficie incluída no ámbito da ARI xa declarada é de 26.322,22 m² (2.63 Has), dispoñendo a zona dunha superficie construída de 31.384 m².

As edificacións agrúpanse dun xeito ordenado dentro da parcela 06 da couzada 09442 que inclúe ás 360 vivendas do ámbito. A superficie en planta ocupada pola edificación abrangue 6.825,88 m².

A superficie da ampliación proposta é de 70.411,10 m² (7,04 Has), onde tamén están incluídas a superficie de viario, zonas libres e equipamentos públicos exteriores. A superficie total do ámbito proposto, sumada a da Área xa declarada, será de 96.733,22 m² (9,67 Has).

Segundo os datos de catastro os bloques están edificadas entre 1968 e 1978, para un total de 1.360 vivendas de distintas medidas.

Aínda que o ámbito conta cunha actuación urbanística integradora, ésta é froito das políticas de vivenda dos anos 70, as formulacións orixinais da urbanización os seus acabados están obsoletos na actualidade e completamente degradados. Os espazos públicos non contan coas medidas axeitadas para a súa adaptación á mobilidade reducida ou á supresión de barreiras arquitectónicas. Nas edificacións producíronse distintas actuacións de mellora nos portais, escaleiras e nos accesos pero non queda resolta a supresión de barreiras arquitectónicas nas edificacións.

O espazo público do ámbito de estudo supón aproximadamente o 75% do total do ámbito delimitado, e está conformado polos espazos libres que quedan entre os bloques, nalgúns casos de carácter residual, ou polos xenerados na súa contorna ou bordo ate os bloques de edificios máis próximos, algúns de tipoloxías semellantes aos incluídos neste ámbito e outros moi diferentes. Tamén existen espazos libres de edificación e urbanización pendentes do seu desenvolvemento urbanístico.

Na Área xa declarada, existe unha zona adicado a uso deportivo varias zonas de xogos de nenos e biosaudabeis, parte deste espazo libre atópase con pavimentación de asfalto, baldosa de formigón ou vexetación.

A organización espacial é moi sinxela, distribuído en 42 edificios que conforman diferentes espazos libres na Zona Norte, colindante á Área xa declarada, e en 46 edificios conformando a Zona Sur. A superficie total da ampliación do ámbito é de 70.411,10 m² dos cales están ocupados en planta 11.903,56 m², esta ocupación está repetida nas distintas alturas de que constan os edificios con voadizos puntuais e balcóns.

O modelo de vivenda é semellante en todos os casos, a superficie construída media estímase en 81,75 m² e están dispostas segundo o modelo de dúas por andar, cos elementos comúns no medio de cada edificio.

Os edificios están dispostos en feiras conformando espazos libres lonxitudinais. Esta disposición da edificación permite a formación de grupos de dous, tres, catro, seis e oito bloques unidos de forma lonxitudinal ou cun pequeno desfase na súa dimensión máis estreita.

Exteriormente as edificacións presentan un estado variable, por reformas exteriores e nos elementos comúns dos bloques en distintas épocas.

O estado da edificación, o seu deterioro xeneralizado e en especial a necesidade de supresión de barreiras arquitectónicas, provoca a necesidade de intervención en todo o conxunto.

A poboación é de idade media elevada e o nivel de renda ou os seus recursos son escasos, o que fai aínda máis urxente a resolución dos problemas de accesibilidade tanto nos espazos públicos coma nos edificios.

3. ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranguer zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARI teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servicios e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretende é coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

O Decreto 18/2014 do 13 de febreiro, no seu artigo 9 establece as clases das áreas de rehabilitación integral, que no noso caso, corresponderíase coa Área de Rehabilitación Integral Xeral xa que non pertencería a ningunha das categorías consideradas como de Conxunto histórico nin rural.

4. PLAN ESTATAL 2018-2021

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o período 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quenes asuman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

➤ Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.

➤ Alo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante seguond o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de cinco anos desde a suscripción do Acordo da Comisión Bilateral.

5. PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DA DECLARACIÓN DE ARI

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a Ampliación da declaracións de ARI de Bueu-Moaña, do polígono de Coia, de tal feito que esté de acordo coas características do Plan Estatal para este tipo de barrios degradados.

En consecuencia, propónse ao Consello de Xerencia e, por proposta do Consello da Xerencia da XMU, se é o caso, á Xunta de Goberno Local, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a delimitación do ámbito proposto para solicitar a **“Ampliación da declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral Bueu-Moaña, do polígono de Coia – Vigo”**, tendo en conta as determinacións do planeamento vixente e parámetros polos cales está afectada a área proposta.

SEGUNDO.- Aprobar a memoria explicativa que se xunta para solicitar a **Ampliación da declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral Bueu-Moaña, do polígono de Coia.**

TERCEIRO.- Solicitar da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, a **Ampliación da declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral Bueu-Moaña, do polígono de Coia**, segundo a delimitación que da devandita área se establece nos planos

anexos á Memoria-Programa de acordo coa clasificación prevista no artigo 9 do Decreto 18/2014.

CUARTO.- Comprometerse a manter a Oficina Municipal de Rehabilitación, con medios suficientes, para a xestión e o impulso de actuacións de rehabilitación no ámbito.

QUINTO.- Solicitar acollerse ás axudas previstas para esta área de acordo cos Programas incluídos no RD 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, e na R 03.08.2018, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia que o desenvolve.

SEXTO.- Autorizar ao Sr. Alcalde-Presidente para que solicite a devandita ampliación da declaración de Área, a formalización dos convenios marcos ou específicos e a súa sinatura, para levar a cabo a actuación prevista.

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do día 30/08/18, acorda elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local, aproba a proposta contida no precedente informe.

23(984).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE CARNE PARA CONSUMO DA FAUNA ANIMAL DE VIGOZOO, EXPTE. 9094/612.

Visto o informe xurídico do 09/08/18 e o informe de fiscalización do 14/08/18, dáse conta do informe-proposta do 08/08/18, asinado polo director de Réxime Interior de VigoZoo, a concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Con data 13 de abril do presente ano, se informa da necesidade de iniciar expediente de licitación para a contratación do subministro de carne para a fauna animal no servizo de VigoZoo que se ven prestando a través da modalidade de Contrato Menor.

A xustificación do inicio do mesmo ven dado a necesidade de contratación do subministro de carne para manutención da fauna deste Servizo de VigoZoo, nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse de subministro de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun único procedemento de licitación para o subministro de carne para o consumo dos animais de VigoZoo.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, a necesidade de facelo se xustifica en que para a manutención da fauna deste servizo de VigoZoo é imprescindible e necesario a contratación cunha empresa de subministro de carne para garantir dito subministro e preservar a saúde da fauna do Parque, tendo en conta que o subministro de tales alimentos superan os importes máximos establecidos por normativa para poder executalo gasto a través de contrato menor.

Como consecuencia do anterior, con data de 17 de abril, a Concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se

inicie o expediente para a contratación do subministro de carne para a fauna animal de VigoZoo.

No proceso licitador se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Veterinario de VigoZoo o 13 de abril de 2018.
2. Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdable para o inicio do expediente do 17 de abril de 2017.
3. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Veterinario de VigoZoo o 11/06/18 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdable o 12/06/18.
4. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Veterinario do Zoo o 11/06/18.
5. Informe emitido pola xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación documental do expediente asinado o 12/06/18.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 31/07/18.

2.- Condicións definitorias do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na adquisición de carne para o consumo da fauna animal no parque zoolóxico de VigoZoo de acordo coas características previstas no PPT.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto simplificado abreviado, en aplicación do artigo 159.6 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (23.276,00 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (2.116,00 €) e o valor estimado (33.856,00 €). A execución do contrato abrangue 2 anualidades (IVE incluído):

- ano 2018: 2.909,50 €
- ano 2019: 11.638,00 €
- ano 2020: 8.728,50 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3371.221.05.01 "Carne equina",

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na LCSP.

Esta prestación de subministrados nas instalacións de VigoZoo poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 2 anos, establecéndose unha prórroga dun ano de duración, en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos

Prevese expresamente o réxime de pagamentos, de xeito que realizárase trala entrega do subministro solicitado, previa presentación da factura correspondente.

Nestas facturas deberá indicarse o produto subministrado, a cantidade e o prezo do mesmo, e debe acompañarse da seguinte documentación: copia do albarán de entrega da mercancía asinado polo responsable do contrato, documento comercial para movementos nacionais de SANDACH e informe de trazabilidade da mercancía.

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Veterinario do Servizo de VigoZoo.

j) Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión de responsabilidade civil por unha contía mínima de 100.000 € para cubrilas contingencias que se puideran producir derivadas da prestación do subministro.

3.- Criterios de adxudicación e ponderación

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada o 12/06/18 polo Veterinario do Servizo VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente se explican e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 6 das FEC prevese a valoración de máis dun criterio:

CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

- 1.- Redución do prezo: ata 75 puntos.
- 2.- Redución do despece mínimo previsto no PPT (30 kg): valorarase con ata 20.
- 3.- Redución do prazo de entrega mínimo previsto no PPT (10 días): valorarase con ata 5 puntos.

A fórmula para valorar estes criterios remítese á cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas.

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto simplificado abreviado e tramitación ordinaria do subministro de carne para consumo da fauna animal no servizo de VigoZoo (exp. 9094-612).

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Veterinario de VigoZoo con data 11/06/18 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 31/07/18.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 23.276,00 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (2.116,00 €) e a anualidade máxima do 2018 será de 2.909,50 € €. A financiación do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.05.01 "Carne animais".

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(985).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PENSOS E DEMAIS FORRAXES PARA CONSUMO DA FAUNA ANIMAL DE VIGOZOO. EXPTE. 9233/612.

Visto o informe xurídico do 28/08/18 e o informe de fiscalización do 31/08/18, dáse conta do informe-proposta do 28/08/18, asinado polo director de Réxime Interior de

VigoZoo, o concelleiro-delegado de Área de Seguridade e Mobilidade, e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Con data 24 de abril do presente ano, se informa da necesidade de iniciar expediente de licitación para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna animal no servizo de VigoZoo que se ven prestando a través da modalidade de Contrato Menor.

A xustificación do inicio do mesmo ven dado a necesidade de contratación do subministro de pensos e demais forraxes para manutención da fauna deste Servizo de VigoZoo, nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse de subministro de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun único procedemento de licitación para o subministro destes produtos para o consumo dos animais de VigoZoo.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, a necesidade de facelo se xustifica en que para a manutención da fauna deste servizo de VigoZoo é imprescindible e necesario a contratación cunha empresa de subministro de pensos e demais forraxes para garantir dito subministro e preservar a saúde da fauna do Parque, tendo en conta que o subministro de tales alimentos superan os importes máximos establecidos por normativa para poder executalo gasto a través de contrato menor.

Como consecuencia do anterior, con data de 27 de abril, a Concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna animal de VigoZoo.

No proceso licitador se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Veterinario de VigoZoo o 24 de abril de 2018.
2. Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdable para o inicio do expediente do 27 de abril de 2017.
3. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Veterinario de VigoZoo o 10/08/18 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdable o 10/08/18.
4. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Veterinario do Zoo o 16/07/18.

5. Informe emitido pola xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación documental do expediente asinado o 14/08/18.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 14/08/18.

2.- Condicións definitorias do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na adquisición de pensos e demais forraxes para o consumo da fauna animal no parque zoolóxico de VigoZoo de acordo coas características previstas no PPT.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto simplificado, en aplicación do artigo 159.1 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (60.113,80 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (5.032,38 €) e o valor estimado (88.130,27 €). A execución do contrato abrangue 2 anualidades (IVE incluído):

- ano 2018: 7.514,22 €
- ano 2019: 30.056,90 €
- ano 2020: 22.542,68 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3371.221.05.00 "Pensos".

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na LCSP.

Esta prestación de subministros nas instalacións de VigoZoo poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 2 anos, establecéndose unha prórroga dun ano de duración, en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos

Prevese expresamente o réxime de pagamentos, de xeito que realizárase trala entrega do subministro solicitado, previa presentación da factura correspondente.

Nestas facturas deberá indicarse o produto subministrado, a cantidade e o prezo do mesmo, e debe acompañarse da seguinte documentación: copia do albarán de entrega da mercancía asinado polo responsable do contrato.

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Veterinario do Servizo de VigoZoo.

j) Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión de responsabilidade civil por unha contía mínima de 100.000 € para cubrilas continxencias que se puideran producir derivadas da prestación do subministro.

3.- Criterios de adxudicación e ponderación

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada o 16/07/18 polo Veterinario do Servizo VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente se explican e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 7 das FEC prevese a valoración dun criterio:

CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

1.- Redución do prezo: ata 75 puntos.

A fórmula para valorar este criterio remítese á cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas.

2.- Características ofertadas: valorarase ata 25 puntos.

Valorarse a presentación na oferta de diferentes formulacións dos pensos e forraxes, outorgándose a puntuación conforme a seguinte distribución:

- > Unha soa presentación en fariñas: 5 puntos.
- > Unha soa presentación en pellet: 10 puntos.
- > Unha presentación en fariña e unha en pellet: 15 puntos.
- > Unha presentación en fariña e dous tamaños de presentación en pellet: 20 puntos.
- > Unha presentación en fariña e tres ou máis tamaños de presentación en pellet: 25 puntos.

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa

incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do subministro de pensos e demais forraxes para consumo da fauna animal no servizo de VigoZoo (exp. 9233-612).

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Veterinario de VigoZoo con data 16/07/18 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 14/08/18.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 60.113,80 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (5.032,38 €) e a anualidade máxima do 2018 será de 7.514,22 € e a do 2019 de 30.056,90 €. A financiación do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.05.00 "Pensos".

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(986).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O SEGUNDO TTE. ALCALDE,
Francisco Javier Pardo Espiñeira. (RA 05/09/18)